

AGROECOLOXÍA. Bota a andar o sistema participativo de garantía A Gavela ▶ 12 e 13

LEITE. A campaña 16-17 vén con novas caídas de prezos e máis mobilizacións ▶ 10-11 e 23-26



Violación dos dereitos humanos en América Latina
Asasinan a Berta Cáceres por loitar contra o acaparamento de terras en Honduras ▶ 21



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLII - N° 311 - Inverno 2016

IX CONGRESO: TERRA, PREZOS DIGNOS E SOBERANÍA ALIMENTARIA



Baixo o lema “Terra, prezos dignos e soberanía alimentaria”, o Sindicato Labrego Galego celebrou o seu noveno Congreso o 12 de marzo, en Lugo. O slogan destaca as principais loitas nas que se veu implicado o SLG nos últimos catro anos e

afianza o compromiso de seguias mantendo no futuro. E, para iso, a afiliación renovou os órganos directivos da organización que, para o seguinte período, terá de novo a Isabel Vilalba Seivane como cabeza visíbel na Secretaría Xeral. ▶ 2 a 8



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

facebook

e

twitter

Para que vale a Consellaría?

Un ano despois de que acabase o sistema de cotas, cos prezos máis baixos de todo o Estado, con ameazas de deixar de recoller en numerosas granxas e cooperativas, con moito leite galego a prezos de po, encontrámonos co dato de que Lugo e a Coruña son as dúas provincias de todo o Estado que lideran as importacións de leite de fóra.

Sete de cada dez granxas das que se viron obrigadas a pechar no 2015 eran galegas, unhas 500 nun único ano. O Ministerio de Agricultura, que agardou ao anunciado final do sistema de cotas a velas vir, mesmo fai gala da súa incompetencia augurando o peche de 5.000 granxas máis nos próximos 5 anos, das que, seguindo a tendencia actual, unhas 3.500 serían galegas.

A conselleira autofelicitábase hai unhas semanas porque negociara que as industrias ían recoller, segundo ela dixo, a mesma cantidade de leite que no ano 2015. O que non nos dixo a señora conselleira era que negociara que tiñamos que dar o leite regalado. Aínda non acabara de felicitarse a señora, cando nos comezaron a chegar as ameazas dos primeiros compradores e das industrias de que nos deixaban de recoller o leite a ducias de granxas e cooperativas, coa única alternativa para moitos de nós de poder seguir vendendo o leite a prezos de leite en po.

Outra das perlas da conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, foi asegurar que ve con normalidade a situación das granxas que pechamos porque non temos “calidade de vida”, e que, segundo ela, mantéñense os prezos sen

“Dada a situación de prezos tirados no vacún de carne que se están vendo estes días, do leite, do coello, do polo, dos produtos de horta este verán, a venda a perdas dos viticultores e das viticultoras, a denegación de axudas agroambientais, a perda de 56 millóns de euros de fondos europeos do Plano de Desenvolvemento Rural... Alguén podería explicar para quen están a traballar na Consellaría de Medio Rural? Exactamente, ¿para que vale?”

baixadas dende a sinatura do histórico acordo de setembro, que o Sindicato Labrego Galego rexeitou porque non tiña ningunha garantía nin no prezo nin nas condicións para os gandeiros e as gandeiras. Remataba a faena a directora xeral de Gandería, Belén do Campo, que asegurou no Parlamento que as 159 granxas galegas que pecharon dende setembro foran por xubilacións ou por “fusións”.

No ano 2014, a Consellaría de Medio Rural vendeulle ao sector o final do sistema de cotas como unha oportunidade, os chineses ían comer litros e litros de leite

galego, incentivaron que as granxas se endebedasen para aumentar, cuestión que seguen a facer aínda a día de hoxe, animando á xente para que poña robots de muxido e continúe facendo grandes investimentos. A realidade é que o prezo medio caeu un 20%, pasando dos 36 céntimos do ano 2014 aos 28 no último ano no Estado. Pero a situación é moito peor para os centos de granxas que teñen que vender a 18, a 22, a 25.... Agora as cotas márcanas as industrias, hai granxas ameazadas con que lles deixan de recoller o leite por todo o territorio galego, ao tempo que algúns primeiros compradores e industrias seguen operando sen asumir ningunha responsabilidade diante de liquidacións completamente abusivas e mesmo impagos, como o caso de Logística Alimentaria, Lácteos Ortegá, Lácteos Pérez... Non hai moito, Leite Río anunciaba que lles deixaba de recoller a 64 granxas mentres pedía privilexios e solucións para a fábrica que construíu ilegalmente en Lugo; e, dende a Xunta e a Consellería, nin sequera foron quen de esixirlle garantías na recollida e prezos dignos para as granxas coas que traballa.

Dada a situación de prezos tirados no vacún de carne que se están vendo estes días, do leite, do coello, do polo, dos produtos de horta este verán, a venda a perdas de moitos viticultores e viticultoras, a denegación de axudas agroambientais, a perda de 56 millóns de euros de fondos europeos do Plano de Desenvolvemento Rural... Alguén podería explicar para quen están a traballar na Consellaría de Medio Rural? Exactamente, ¿para que vale?

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Margarida Prieto Ledo, Henrique Outes, Isabel Vilalba Seivane, Xosé Manuel Parente, Carme Cabarcos e Belén Fervenza.

PECHE DE EDICIÓN 14-04-2016

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

DEPÓSITO LEGAL C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praça Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526



IX CONGRESO DO SLG ▶ Tras un proceso con máis de trinta asembleas comarcais que se desenvolveu durante o mes de febreiro, o Sindicato Labrego Galego celebrou, o 12 de marzo, o seu IX Congreso baixo o lema “Terra, prezos dignos e soberanía alimentaria”. Desta vez, o espazo elixido para o evento foi o Pazo de Feiras e Exposicións de Lugo. Con este lema, o SLG quixo facer fincapé nas principais loitas que está a desenvolver en relación coa defensa da terra como dereito e recurso imprescindible para a produción de alimentos; e coa demanda duns prezos mínimos que recoñezan o labor esencial que os labregos e labregas exercen na sociedade e que dignifiquen o exercicio da súa profesión.

IX Congreso do SLG: terra, prezos dignos e soberanía alimentaria

Nos debates do IX Congreso, aprobáronse finalmente o relatorio sindical e as modificacións estatutarias sometidas ao voto da afiliación. Respecto disto último, saíron para adiante os catro cambios propostos para dinamizar a estrutura organizativa do Sindicato Labrego Galego:

1. A creación dun Encontro Anual, que se define como un futuro espazo para a posta en común dos distintos órganos nacionais e comarcais do SLG, tanto transversais como sectoriais, que se convocará cada ano de xeito ordinario para

analizar a actividade sindical entre congresos.

2. A creación dunha Secretaría de Mocidade, para organizar os afiliados e afiliadas que teñan menos de 40 anos e poder tratar así, directamente, as súas problemáticas e demandas propias.

3. A creación do Sector de Agroecoloxía.

4. A posibilidade de que se podan afiliar ao SLG as comunidades de montes como colectivos, con independencia de que as persoas que as integren sexan afiliadas ou non.

En canto aos novos órganos

directivos, conformouse a Dirección Nacional do SLG para os vindeiros catro anos, integrada por 37 persoas elixidas nas asembleas comarcais previas, as persoas responsábeis de sectores e quince membros máis escollidos no propio Congreso. Desta Dirección Nacional, xurdiu unha Executiva que será encargada de xestionar o día a día da organización agraria, e que estará encabezada por **Isabel Vilalba Seivane**, que foi ratificada para volver ocupar o posto de secretaria xeral nos vindeiros catro anos. Xunto a ela, traballarán na Executiva do

SLG **Daniel Rodicio** (sector cunícola, A Bola), **María Ferreiro** (sector lácteo, Teixeira), **Mariano Pazos** (sector lácteo, A Baña), **Miguel Anxo Méndez** (horta ecolóxica, Vedra), **Ana Eiras** (sector lácteo e hortícola en ecolóxico, Rois), **Xosé Lois Varela Carreira** (carne de vacún ecolóxica, Palas de Rei), **Concepción Docampo Sanromán** (horta e froita ecolóxica, Vedra), **Loreto Hernández Oubiña** (froita e horta ecolóxica, Porto do Son) **Adolfo Cabarcos Saavedra** (vacún de carne e vocal na IXP Tenreira Galega, Xermade). **SEGUE ▶**

Chamamento a unha alianza global

A intervención da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, na clausura do IX Congreso, foi un bo resume do que deu de sei o máximo órgano de decisión desta organización agraria. Isabel comezou a súa intervención lembrando a **Berta Cáceres Flores**, a activista hondureña da Vía Campesina asasinada por defender as terras e os dereitos da comunidade indíxena Lenca. “Quería comezar con esta lembranza” explicou “porque hai centos de persoas que, coma nós, defenden o futuro dos lugares onde habitan e o dereito a vivir en paz na súa terra, motivo polo que son asasinadas. E que fan os nosos gobernos? Defenden o lucro das grandes empresas ou defenden os dereitos humanos e a dignidade dos pobos que representan? No noso caso, os gobernos da Xunta, do Estado ou da Unión Europea, defenden os intereses das grandes multinacionais para quitarnos a soberanía aos pobos, para decidir sobre a nosa alimentación, para poñer en mans destas empresas os servizos públicos”.

Isabel puxo como exemplos desta aposta dos poderes políticos polos intereses das grandes corporacións a **minaría** e os **tratos de libre comercio**. Mentres que coas minas, os gobernos “autorizan proxectos con grandes impactos, deixando que as empresas actúen con total impunidad á hora de ocupar e destruír a terra, até o punto de expulsarnos do lugar onde nacemos e onde queremos vivir”, cos tratados de libre comercio e, en concreto co TTIP entre Estados Unidos e a Unión Europea, “estase a preparar un golpe de estado encuberto das corporacións contra a soberanía dos pobos”.

✓ Alerta sobre un TTIP que arruinaría o modelo social de agricultura europeo

Tanto Isabel Vilalba como os relatores e relatoras o IX Congreso abundaron no TTIP como unha das principais ameazas a que nos deberemos enfrontar nos vindeiros catro anos. “Unha granxa media de Estados Unidos é 13 veces máis grande que a media europea, e a normativa comunitaria vixente prohibiría o 40% dos alimentos producidos en Estados Unidos, pois serían ilegais pola presenza de hormonas, antibióticos, transxénicos, químicos ou fitosanitarios aquí prohibidos”, explicou a secretaria xeral do SLG, que revelou as previsións dos Estados Unidos con este tratado: as exportacións norteamericanas a Europa incrementaríanse entre 5.500 e 10.000 millóns de dólares cada ano, tendo un enorme impacto na caída dos prezos dos alimentos e no modelo social de agricultura que aínda predomina en Europa, con miles de granxas e



empregos distribuindo riqueza por todo o territorio.

Isabel Vilalba chamou a atención sobre a situación crítica do noso medio rural, cos diversos sectores agrogandeiros sometidos á extorsión dos prezos de miseria e cun abandono masivo da xente nova cuxa máxima expresión é o envellecemento dos labregos e das labregas: “Das 73.000 granxas que sobreviven, só temos 3.600 titulares menores de 40 anos, ao tempo que o 60% supera os 60 anos de idade”.

✓ O futuro está na soberanía alimentaria

“Necesitamos reaccionar”, chamou Isabel, dirixíndose á afiliación e ás organizacións e colectivos invitados. “Temos que facer unha grande alianza para loitar contra estas agresións e defender o noso dereito a vivir dignamente na nosa terra. Necesitamos tamén unha gran alianza polo medio rural, e dicir isto é o mesmo que dicir unha grande alianza por Galiza. O noso rural está gravemente ferido, pero precisamos reverter esta situación e para iso necesitamosvos a todos e a todas.”

Lonxe de caer no victimismo, a secretaria xeral do SLG subliñou o potencial dunha Galiza cuxas políticas agrarias estean baseadas na soberanía alimentaria: “O noso futuro como labregos e labregas non debe ser producir materia prima barata para as grandes corporacións e industrias; o noso obxectivo debe ser producir os alimentos da cidadanía galega, alimentación sa e nutritiva, sen antibióticos nin transxénicos, sen pesticidas. Alimentación que temos oportunidade de producir sempre e cando se poñan en marcha as políticas necesarias e axeitadas. O déficit comercial da Galiza en alimentación medra cada día. Nos últimos anos incrementouse nun 30% a importación de alimentos de fóra de Galiza. Precisamos un modelo social de agricultura que xere postos de traballo, con moita xente labrega e moita xente que, de maneira indirecta, teña tamén traballo e futuro no medio rural: escolas, sanidade, servizos públicos de calidade... Non nos resignamos ao exterminio do campesiñado deste país, da xente labrega da Galiza. Nós tamén precisamos un modelo de futuro, non un modelo do pasado. Un modelo que dea resposta ao cambio climático, á escaseza enerxética. Necesitamos relocalizar os procesos de produción e de consumo, apoiar a comercialización en circuitos curtos, apostar por modelos de produción agroecolóxicos, pola saúde, polo territorio, pola nosa cultura, por que os lugares sigan vivos, pola nosa lingua, pola democracia, e tamén polo dereito a decidir que queremos como pobo para a nosa alimentación e para o noso futuro. Pola soberanía”.



na Galiza para salvar o medio rural

A secretaria xeral do SLG rematou incluíndo catro resolucións adicionais aos acordos do IX Congreso:

1. Condena rotunda á violencia machista e esixencia de que se poñan en marcha os recursos e medidas para rematar con esta lacra e cun sistema baseado en moitas violencias contra as mulleres entre as que a física é a última. Isabel Vilalba expresou *“noxo e carraxe de ver tódolos días como mulleres, nenos e nenas, son asasinados por esta violencia asociada a un sistema patriarcal e hipócrita pródigo en condenas e minutos de silencio, pero que non pon o necesario para rematar co problema”*.

2. Defensa da terra: *“Non podemos consentir un Plan Sectorial de Actividades Extractivas co que o 60% do noso territorio ten como uso preferente o mineiro, poñendo a nosa terra a disposición das empresas nun contexto no que os labregos e as labregas temos serias dificultades para acceder á terra”*, criticou a secretaria xeral do SLG. En positivo, demandou políticas de acceso á terra para os mozos e mozas que se queiran incorporar, así como apoios para iniciar e manter con solvencia a súa actividade.

3. Esiximos á UE e a aos estados o respecto á Declaración de Dereitos Humanos para con tódalas persoas migrantes, desprazadas e refuxiadas. *“Nós tamén somos un pobo que emigrou e emigra, e é unha vergoña que se nos estea a tratar como animais e non como seres humanos no tratado sobre inmigración que a Unión Europea vén de asinar con Turquía”*.

4. Rexeitamento á actual situación na que os labregos e labregas debemos vender os alimentos que producimos a perdas de maneira sistemática. *“Temos unha lexislación que, en teoría, prohibe a venda a perdas; pero tamén temos uns lobbies empresariais, e unha clase política dirixida por eles, que fan posible que se nos extorsione con total impunidade e realicemos a nosa actividade baixo condicións de abuso empresarial. Deixan impagos, e non pasa nada; pagan prezos de miseria, e non pasa nada; comprometen o noso medio de vida, e non pasa nada. Non podemos permitir que se remate cos labregos e coas labregas deste país, que se nos ameace con non recoller os alimentos que producimos por non ter unha dimensión suficientemente grande, ou que se nos paguen prezos miserábeis, ou calquera outra práctica empresarial que imposibilite que poidamos vivir dignamente do noso traballo. Só queremos que se faga xustiza e rematen con esta impunidade”*.



Nesta dobre plana, fotografías de dous dos principais actos no arranque e na clausura do IX Congreso do SLG. Na páxina anterior, dúas imaxes de Isabel Vilalba Seivane defendendo o relatorio sindical; a carón destas liñas, instantáneas da homenaxe a Cándido Iglesias Turnes



Homenaxe a un labrego co orgullo de ter sido “revolucionario en tempos de Franco”

Tralo discurso de clausura de Isabel Vilalba tivo lugar un dos actos máis emotivos do IX Congreso: a homenaxe a Cándido Iglesias Turnes, gandeiro da parroquia de Cabanas (A Baña) que foi unha das persoas que participou na fundación e posta en marcha das Comisións Labregas a comezos dos anos setenta. *“Cando nós fundamos o Sindicato Labrego Galego eran tempos difíciles”*, lembrou Cándido. *“Pertencer a este sindicato é o segundo orgullo da miña vida. O primeiro debía ser a miña familia. Pero o orgullo máis grande que teño eu, mirade que simple é, é o de ter sido revolucionario en tempos de Franco”*.

Tamén lembrou o papel imprescindible das mulleres e tivo palabras para a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, de quen dixo que *“pon o corazón enriba da mesa e fala con*

el. A xente que fala co corazón convence, e a xente que fala coa cabeza fai desconfiar. Estamos tan fodidos por todo o que nos levan enganado que, cando nos falan, pensamos que nos enganan”.

Cándido rematou a súa improvisada intervención -a homenaxe foi unha sorpresa da que non sabía nada-, dicindo que, para el *“foi un orgullo pertencer ao Sindicato Labrego Galego dende a súa fundación”*, e reflexionando sobre o significado da verdadeira democracia: *“Eu dígolle á xente nova que é un orgullo pertencer a un sindicato onde as cousas se discuten. Que é a democracia? Democracia é debater, democracia é tratarse de ti a ti e mirar aos ollos á xente, democracia é non ser submisos e nós, dende logo, non o somos”*.

Adolfo Cabarcos Saavedra,
responsábel dos sectores gandeiros



“As políticas deben garantir prezos xustos e medidas para baixar os custes de produción”

O primeiro en falar nos relatorios do IX Congreso foi Adolfo Cabarcos, responsábel dos Sectores Gandeiros e vocal na IXP Tenreira Galega. Cabarcos denunciou a **crise xeneralizada** que están a vivir os sectores gandeiros, co meirande deles a vender as súas producións por baixo de custes: “No último ano, o sector porcino non deu subido os seus prezos de 1 €/quilo; no cunícola, estiveron por baixo de 1'50 € nos últimos meses, e os polos roldan os 0'50 €/quilo. En canto á carne de vacún, na Galiza hai unhas 23.000 explotacións que, nos últimos meses, tamén sufriron unha caída de prezos”.

Aínda que contextualizou esta problemática na crise global que vive a economía, cunha caída do poder adquisitivo e do consumo de carnes por parte da poboación, responsabilizou directamente ás **políticas territoriais** que se están a desenvolver dende a Xunta, que tolerou “a forestación salvaxe” co fomento do monocultivo masivo de eucalipto, deixando sen base territorial as granxas e creando problemas para as actividades agrogandeiras como o da proliferación da fauna salvaxe.

Como exemplo de bo facer, Cabarcos falambrou as cifras da **IXP Tenreira Galega**, que medrou en vendas, número de explotacións e reses sacrificadas, amais de ter mellores prezos que a carne non certificada, un feito que demostra que o futuro está nas producións extensivas e de calidade; neste senso, 2015 foi o primeiro ano no que a Suprema superou á tenreira de cebadeiro. Adolfo Cabarcos expresou o seu optimismo para as producións gandeiras, “sempre e cando se dean as canles para que iso aconteza. E para iso, os gobernos teñen a obriga de apoiar as producións con políticas destinadas tanto a garantir prezos xustos como a diminuír os custes de produción”.

Bernardo Estévez Villar,
responsábel do Sector do Viño



“Algo funciona mal na Galiza cando, tendo cinco DOs, o viño máis vendido é un Rioxá”

Seguiu Bernardo Estévez, responsábel do Sector do Viño, que expresou a súa aposta por un **modelo produtivo “para as persoas”**, que é o único que permite vivir á xente do seu traballo e posibilita que poidan continuar no medio rural: “Defendemos un modelo social de viticultura, tanto para a produción de uva como para quen deron o paso de crear pequenas adegas para sacar máis rendemento das viñas. Tamén defendemos a **viticultura de calidade**, nun momento no que se están a apropiar do termo grandes empresas cunha estratexia depredadora que remata coa pequena e mediana produción, impondo un sistema industrial que trata as persoas como man de obra”.

Bernardo asociou a aposta do SLG pola calidade coa **protección do medio ambiente**, pois “a calidade vai da man da redución de fitosanitarios”. De aí a aposta do SLG nos últimos anos por un labor no sector do viño de formación e información sobre alternativas de cultivo á convencional, como a ecolóxica ou a biodinámica.

Contrario a todo isto é o modelo industrial que se promove dende as administracións, cun mercado “dominado por grandes empresas que están a traballar nunha **deslocalización** que atenta contra as denominacións de orixe”.

Tamén foi moi crítico coa Consellaría de Medio Rural, á que acusou de ter eliminado as mesas de negociación de prezos e contratos, ficando o sector viticultor “desprotexido diante dos abusos e imposicións das grandes adegas que mercan uva”. En canto ás **denominacións de orixe**, aínda que necesarias, para Bernardo só traballan para defender os intereses dunha minoría. “Algo funciona mal na Galiza”, aseverou, “cando tendo cinco denominacións de orixe propias o viño máis vendido é un Rioxá”.

Belén Fervenza Couñago,
responsábel de Horta, Froita e Flor



“Queremos seguir alimentando aos galegos e ás galegas, e sabemos que é posible”

A encargada de falar do Sector de Horta foi a súa actual responsábel, Belén Fervenza, que advertiu que cada vez hai menos labregos e labregas producindo alimentos a pesares de que as nosas necesidades alimenticias como sociedade seguen a ser as mesmas.

Fronte a un modelo agrario “sen freo” que concentra a terra cada vez en menos mans e a produción de alimentos cada vez en menos empresas, “a defensa dos nosos valores e do noso medio de vida faise cada vez máis necesaria. Unha sociedade sen labregos e labregas é unha sociedade que morre, alienada e sen futuro. Precisamos estar presentes na toma de decisións daquelas políticas que nos afectan e conseguir que a nosa voz chegue á sociedade. **Non queremos esmolos nin axudas; queremos vivir do noso traballo.** Queremos terra, prezos dignos e soberanía alimentaria”. E esa soberanía expresouna Belén nunha demanda: “Queremos seguir alimentando aos galegos e ás galegas. E sabemos que isto é posible, pois foi posible”.

A responsábel do sector de Horta amosouse esperanzada, pois “cada vez son máis as persoas que se preocupan polas nosas loitas” e se enfrontan a problemas como o TTIP, o acaparamento de terras, o cambio climático, os transxénicos ou as patentes sobre as sementes.

Belén Fervenza tamén dedicou parte do seu relatorio a falar da **venda directa** e reivindicou como un eixe fundamental das nosas loitas “recuperar os espazos de onde nos botaron ou fomos desaparecendo, como os mercados, as prazas de abastos ou pequenas tendas. Esa presenza pública na rúa, en contacto directo cos consumidores e consumidoras, é unha peza clave para a supervivencia do noso sector”.

Lupe Prado,
responsábel do Sector Lácteo



“A calor humana que temos no SLG non nola vai roubar ningunha política agraria”

Sen papeis no atril, Lupe Prado comezou o relatorio do sector lácteo, do que é responsábel, dicindo que pretendía que a súa intervención xurdise do **corazón** máis que dos números e os datos. Tamén quixo saír do guión marcado polo lema do Congreso e, sen restarlle importancia a cuestións como a terra, os prezos dignos ou a soberanía alimentaria, quixo centrarse na xente, nas persoas *“que tentamos defender o que facemos”*.

Lupe expresou a súa intención de **animar** nun momento no que o desánimo predomina no campo. Contra este derrotismo, Prado lembrou o caso dun gandeiro, na folga de entregas de setembro de 2015, que lle comentou que apoiaba coa súa presenza os bloqueos de varios días ás industrias a pesares de estar cobrando o leite por riba dos 30 céntimos *“porque non podo ficar parado cando aos meus veciños estanos afogando pagándolles o leite a 20 céntimos”*. Deste exemplo de solidariedade na loita, Lupe tirou que *“ese é o tipo de persoas que temos nesta organización agraria. Esa calor humana non nola vai roubar ningunha política. Nestes momentos nos que manda o desánimo, moitos e moitas de nós queremos recuperar para a xente as nosas organizacións, polo que pido que fagamos un esforzo de dentro para fóra de cara a que esta organización abra espazos, asembleas abertas para que a xente sexa quen leve a iniciativa”*.

Lupe Prado reivindicou este **espírito popular e democrático** para enfrontar a *“división de pensares”* do sector lácteo galego, e apelou ao compromiso e á iniciativa da propia afiliación para manter a loita a partir do *“esforzo entre todos e todas nós, aínda que nos axude a organización. O traballo témolo que facer nós, aqueles e aquelas que conformamos o Sindicato Labrego”*.

María Ferreiro, responsábel da Secretaría das Mulleres



“As últimas en cotizar cando vai ben, e as primeiras en deixar de facelo cando vai mal”

No IX Congreso tamén houbo relatorios que trataron cuestións transversais, como o da responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, que analizou as tres principais fronteas de traballo que mantén abertas o SLG na loita pola igualdade entre labregos e labregas:

► **A loita contra a violencia machista.**

“Un día si, e outro tamén, erguémonos coa nova do asasinato doutra muller a mans da súa parella”, comezou denunciando María, que botou man das atroces estatísticas do feminicidio: 668 mulleres asasinadas polos seus cónxuxes ou ex-parellas na última década no Estado *“polo único feito de sermos mulleres”*. María Ferreiro explicou que *“neses momentos estamos a ver como moitos dos recursos públicos para loitar contra a violencia machista desaparecen ou se desvían cara a outro tipo de gastos”*.

► **A titularidade compartida nas explotacións.** A pesares de que, dende 2011, existe o marco legal para que as mulleres poidan ser titulares das explotacións, *“en 2016 debemos denunciar que este segue a ser un problema candente pola falla de interese das diversas administracións políticas, tanto a galega como a estatal”*.

► **A cotización á Seguridade Social das labregas:** *“A pesares de termos conquistado o dereito a cotizar á Seguridade Social, as mulleres labregas somos sempre as últimas en comezar a cotizar cando as cousas van ben, e as primeiras en deixar de facelo cando van mal. Sen cotización, perdemos calquera recoñecemento laboral, mais, mesmo cotizando, adoitamos facelo por períodos máis curtos que os homes, de maneira que as pensións que cobramos son entre un 33% e un 35% máis baixas cás dos homes”*.

Daniel Rodicio,
responsábel de Mocidade



“O sistema tenlle medo a inercias positivas baseadas na cooperación e na solidariedade”

O último en expor un relatorio foi Daniel Rodicio, labrego do concello ourensán d'A Bola que falou dunha parte da afiliación do SLG que cada vez está a ter máis relevancia: a mocidade. Daniel comezou a súa intervención citando *“Anatomía da destrutividade humana”*, de Erich Fromm, obra na que se defende que a fraternidade, o humanismo e o esforzo para sermos mellores persoas fan que a humanidade avance. Sen embargo, co egoísmo, a avaricia ou a envexa recuamos e o mundo empeora. *“O paradoxo é que nos contaron que, potenciando o peor do ser humano -egoísmo, cobiza, avaricia, personalismo, competitividade, progreso a costa do fracaso alleo, etc.- íamos progresar. Agora vivimos o resultado dese camiño andado: 160.000 mozos e mozas emigrados no estranxeiro e un paro xuvenil superior ao 50%”*.

Para Daniel, *“o actual modelo económico non lle ten medo a un sindicato por moi ideoloxizado e organizado que estea. Pola contra, o sistema tenlle medo á creación de inercias en positivo que constaten que a través de valores como a solidariedade, a cooperación ou o humanismo, construímos unha sociedade mellor. Só se todos e todas empurramos nesa dirección, só entón a mocidade e o rural terán futuro”*.

Tirando de estatísticas, Daniel Rodicio chamou a atención sobre a alarmante situación demográfica do rural e da agricultura: **das 73.000 explotacións que aínda sobreviven na Galiza, só 3.000 teñen titulares menores de 40 anos**. E fronte a esta deleiva, Daniel insistiu en reivindicar os valores devanditos para reverter a situación e en seguir afondando na liña que está a traballar o SLG con actividades como os encontros de xente moza desenvolvidos nos últimos meses.



Intres diversos do IX Congreso. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: primeira xuntanza da nova Dirección Nacional do SLG; intervención do secretario xeral da COAG, Miguel Blanco; votación de emendas ao relatorio; mención de Isabel Vilalba a Berta Cáceres; e palabras na clausura de Nela Abella en representación da plataforma contraMINAcción.



VIÑO ▶ Impartiu a o técnico Carlos Mateos e estivo coordinada por Xosé Manuel Parente

Xornada en Castrelo de Miño sobre a nova normativa do viño

Medio Rural segue sen informar trala desaparición dos dereitos de viñedo e cando xa se poden pedir permisos de plantación

O Sindicato Labrego Galego celebrou en Castrelo de Miño unha xornada informativa ao redor da nova normativa da Política Agraria Común para o sector vitícola que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016. Para levala a cabo, o SLG contou coa colaboración do responsábel técnico do sector do viño na Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), Carlos Mateos.

Para Xosé Manuel Parente, coordinador desta xornada e responsábel do SLG na comarca do Ribeiro, “o principal cambio na normativa foi que, dende o 1 de xaneiro, desapareceron os dereitos de plantación de viñedo e, polo tanto, xa non se poderán mercar ou vender, tal e como se viña facendo até o de agora. A partir desa data, en caso de querer plantar nova superficie de viñedo, hai que solicitarllo á Administración, no caso galego á Consellaría de Medio Rural, entre o 1 de febreiro e o 15 de marzo de cada ano, e será a Administración quen faga a concesión ou a denegue en base a unha serie de baremos”.

Precisamente, o SLG organizou esta xornada informativa diante da parálise da Consellaría de Medio Rural, que non está a facer nada para informar ou asesorar ao sector do viño dunha enorme batería de cambios normativos que xa entraron en vigor e que implican que, entre o 1 de febreiro e o 15 de marzo, estivo aberto o prazo para solicitar novas plantacións.

✓ Unha Consellaría en parálise permanente

Evidentemente, estas normas son de vital importancia para a nosas denominacións de orixe vinícolas e para o sector viticultor galego na súa totalidade. Por desgraza, Medio Rural segue a facer gala da mesma parálise absoluta da que adoeceu nos últimos anos, incapaz de convocar aos axentes do sector para dialogar e organizarse antes das vendimas de cara a negociar prezos e condicións de venda das uvas, por exemplo. Por non cumprir, a Consellaría nin sequera cumpre promesas concretas como a de realizar un estudo dos custos de produción en Rías Baixas de cara a axudar no proceso de construír prezos de referencia, un traballo ao que se comprometeu nas dúas últimas campañas sen que o cumprise a día de hoxe. Dende o SLG agardamos que a nova conselleira, Ángeles Vázquez, o faga mellor que a súa antecesora e, cando menos, faga as xestións necesarias para que a rede de oficinas agrarias comarcais informen e asesoren axeitadamente ao sector; mais visto o visto até o de agora, non podemos deixar de ser pesimistas.



O SLG organizou esta sesión informativa para suplir a parálise da Consellaría de Medio Rural

www.agropelayo.com
96 110 77 80

NACE O FROITO DA UNIÓN DE DÚAS FORZAS.



Unha nova Compañía con vocación de líder e o pulo necesario para crear valor e calidade nos Seguros Agrarios.



LEITE ▶ As accións levadas a cabo pola Consellaría de Medio Rural ou polo Ministerio non serven para solucionar nin os prezos miserables nin os abusos constantes das industrias

A nova campaña no sector lácteo comeza coa crise agravada e máis mobilizacións

O 31 de marzo volvían as protestas cunha concentración diante da sede da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela

O 21 de marzo, a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo (PDSL) decidía retomar as mobilizacións cunha manifestación diante da Consellaría de Medio Rural o 31 de marzo, xusto na véspera do inicio dunha campaña 2016-17 que chega chea de incertezas, con miles de granxas que non saben se lles recollerán o leite ou non; con controis privados da produción instaurados arbitrariamente polas propias industrias; cos prezos en caída libre, sendo cada vez máis as explotacións que cobran por baixo dos 20 céntimos (segundo a Xunta, hai actualmente unhas 400 granxas na Galiza que venden a totalidade da súa produción para leite en po), especialmente aquelas que comercializan a través de primeiros compradores como Logística Alimentaria; ou mesmo con impagos, como os que sufren as granxas que lle fornecen a Lácteos Pérez ou Lácteos Ortegal.

Diante desta situación límite, dende a Plataforma acordaba organizar novas accións de denuncia, desta vez centradas nos camións cisterna que están a fornecer de leite de fóra a baixos prezos as industrias galegas.

A decisión de reiniciar as protestas tomábase tras meses de xuntanzas e negociacións auspiciadas pola Consellaría de Medio Rural diante das presións da Plataforma en Defensa do Sector Lácteo, pero que de pouco serviron. E é que a Consellaría segue instalada na súa parálise permanente, escusándose con medidas desenvolvidas polo Ministerio de



Unhas trescentas persoas secundaron a concentración diante da Xunta que marca unha nova etapa de mobilizacións no sector

Agricultura que non achegan solucións directas e inmediatas para o sector a curto ou medio prazo: o decreto que regula os primeiros compradores, as inspeccións da AICA e de camións cisterna portugueses ou o con-

trato-tipo que rexeitamos COAG e SLG, son un bo exemplo dun traballo que está a desenvolver a Administración que non toca nin de lonxe cuestións como os prezos miserables ou a falla de garantías de recollida. E é que,

dende a Plataforma do Sector Lácteo o único que pedimos é que, como mínimo, todas as granxas de Galiza teñan garantida a recollida do leite que producen a prezos que non baixen dos custes de produción.

Un novo modelo de contrato cuxas condicións seguirá a impoñer a industria

Antes da manifestación do 31 de marzo, tanto o Sindicato Labrego Galego como a COAG rexeitabamos o modelo de contrato acordado no seo da Interprofesional Láctea (Inlac) porque non achegaba ningunha solución aos principais problemas do sector. Nunha rolda de prensa, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, e Xosé Ramón Cendán, explicaban que:

▶ **O prezo poderá seguir sendo imposto unilateralmente polas industrias.** Non se contempla ningunha referencia nin índice a partir do cal construír ese prezo, polo que seguirán sendo as industrias as que o impoñan ao seu antollo.

▶ **Non haberá un leite tipo nin baremos obxectivos para fixar os parámetros e calidades do leite.** As industrias poden esixir as calidades

que consideren e, polo tanto, poderán deixar de recoller o leite cando queiran coa escusa das calidades que elas marquen unilateralmente.

▶ **Os gandeiros e gandeiras deberán asumir funcións que, até o de agora, asumía a Administración,** xa que terán a obriga de comunicar os cambios na cualificación sanitaria da granxa, cousa que agora mesmo non facían.

▶ **Duración mínima.** Pode seguir habendo contratos inferiores a 1 ano.

▶ **Non existe un sistema de mediación específico para os contratos do leite.** Só deixa dúas opcións, que son excluíntes: unha, someterse aos tribunais ordinarios; e outra, ir a unha arbitrase sen especificar onde, con que custo ou con que tipo de garantías.

SEGUE ▶

Cada vez máis explotacións abandonadas e obrigadas a vender por baixo dos 20 céntimos

En canto ao bloqueo que se estivo a realizar diante de diversas cadeas de supermercados a finais de 2015, o Nadal marcou unha paréntese nas accións de protesta que se pecharía cunha **concentración diante de Lactalis**, o 29 de xaneiro, para reclamar que esta empresa francesa cumprise coas súas promesas e repercutise nos prezos que paga a suba anunciada polas distribuidoras alimentarias ás que lles fornece. En concreto, Alcampo, Carrefour e DIA, a raíz dos bloqueos de decembro, comprometéranse a subir en 2 céntimos o prezo do leite de marca branca que lles envasa Lactalis.

Días despois, a carraxe acumulada no sector traducíuse en actos vandálicos realizados de maneira anónima, como o **baleirado de camións cisterna portugueses** coa que se pretendía denunciar a entrada de leite barato dende o país veciño para fornecer industrias afincadas en Galiza que están deixando de recoller o produto aquí.

✓ Multiplícanse as industrias que deixan de recoller leite

Pasado o Nadal, 2016 comezaba para o leite galego con diversos puntos de conflito derivados da inestabilidade e situación crítica do sector. Así, a finais de xaneiro, coñeciamos que Celta deixaría de recollerlle o leite ao medio cento de granxas que forman a cooperativa **Codegui**, o meirande de Guitiriz. En total, foron 26.000 litros diarios que lles acabou recollendo Reny Picot a un prezo de 18 céntimos para facer leite en po.

Un mes despois, **Lácteos Riotorto** -unha pequena queixería- comunicáballe ás granxas que lle fornecen que, a partir do 1 de marzo, ía pagarlles o litro a 19 céntimos. Isto debeuse a que a industria que lle recollía o leite que lle sobra da elaboración de queixos deixou de mercarlle. Neste caso, dende a empresa sinalábase directamente a Consellaría de Medio Rural, á que acusaban de non ter achegado ningunha solución a pesares de terlle pedido expresamente axuda. E algo semellante acontecía con **Queserías Sarrianas**, que anunciaba a comezos de marzo que comezaba

Prezo percibido (en centimos)	nº de granxas galegas
Menos de 15	119
15-16	63
16-17	73
17-18	61
18-19	118
19-20	114
20-21	134
21-22	222
22-23	364
23-24	441
24-25	446
25-26	681
26-27	1.056
27-28	1.633
28-29	1.517
Máis de 29	2.050

Táboa de prezos no sector lácteo galego facilitada pola Consellaría de Medio Rural a comezos de abril de 2016

a pagar o leite a 18 céntimos a 17 das 70 granxas que lle entregaban, mentres lles buscaba un primeiro comprador; ao resto, pagaralles parte da produción a prezo de leite en po, é dicir que, descontados os gastos de transporte, a uns 15 céntimos.

Outra industria que está a comunicar a moitas granxas que deixará de recollerlles o leite a partir do inicio da vindeira campaña, o 1 de abril, é **Río**. A empresa de Jesús Lence mesmo

chegou a ameazar con deslocalizar a produción e marchar para Madrid se non lle regularizan urbanisticamente a súa factoría ilegal no polígono industrial do Ceao (Lugo).

✓ Prevense novas baixadas no prezo coa nova campaña

Co inicio da nova campaña, lonxe de termos perspectivas de mellora, prevense novas baixadas no prezo do leite a partir do 1 de abril. Por exemplo, Lactalis e Feiraco van poñer límites no volume de entregas das granxas que lle fornecen, e rebaixarán até 12 céntimos cada litro de leite que supere eses límites. Outras empresas como Pascual ou Entrepinares, que se mantiñan nos últimos anos no treito alto de prezos, aplicarán tamén baixadas en abril.

A nivel institucional, a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo mantivo unha intensa axenda con xuntanzas como a mantida coa conselleira de Medio Rural o 12 de xaneiro¹, ou as reunións cos partidos políticos con representación no Parlamento Galego (19 e 22 de febreiro)².

Máis información en Internet:

¹bit.ly/PDSL-Parlamento / ²bit.ly/PDSL-MedioRural

³bit.ly/PFSL02

O Ministerio e a Consellaría ven normal que desaparezan 5.000 granxas máis no Estado

Aparte de obtermos información das medidas levadas a cabo polo Ministerio de Agricultura, as xuntanzas en Medio Rural de pouco máis serviron. A única iniciativa salientable desenvolvida pola Consellaría, aparte de realizar inspeccións a camións cisterna portugueses, foi a de impulsar, dende o Consello Agrario Galego do 2 de febreiro, a creación dun foro estable de diálogo baixo o nome de Plan de Fortalecemento do Sector Lácteo que se reunía, por primeira vez, o 2 de marzo. Coma noutras ocasións, esta iniciativa gañábase o desprezo desafiante das industrias, que non acudiron coa excepción de Feiraco e Entrepinares. O 8 de abril celebrábase unha nova xuntanza, desta vez con representantes das empresas, pero sen que se adoptase ningunha medida para solucionar o problema os baixos prezos³.

O Plan de Fortalecemento do Sector Lácteo tampouco despexou a incógnita de como afrontar a inseguridade das granxas á hora de garantir a re-

collida de leite. A conselleira de Medio Rural apelou ao compromiso das industrias de recoller, cando menos, o mesmo volume de leite que mercaron en 2015. Dende o SLG explicámoslle que a recollida de leite na Galiza xa está garantida, pois sempre hai algunha empresa que che merque o produto; o problema é o prezo ao que cho levan.

Polo demais, dende a Consellaría facilitáronse datos máis actualizados sobre os prezos que están a cobrar as granxas (ver táboa): Máis de 500 non chegan aos 20 céntimos por litro, e máis da metade (5.525) non pasan de 28.

En definitiva: moitas xuntanzas na Consellaría, pero ningunha solución para enfrontar a crise do sector lácteo a curto e medio prazo. Non é de estrañar duns gobernos que acreditan a “normalidade” de que desaparezan 5.000 granxas máis no Estado -dito por Fernando Miranda, director xeral no Ministerio de Agricultura- seica para que o sector se faga máis moderno e competitivo. **FIN** ■

AGROECOLOXÍA ▶ Ademais dos métodos de cultivo ecolóxicos, certificará aspectos como a proximidade, o policultivo ou a dignidade da terra, as plantas e os animais

Bota a andar A Gavela, primeiro sistema participativo de garantía na Galiza

Intégrano quince granxas, tres tendas e un grupo de consumo do sur de Pontevedra, e está aberto a novas incorporacións

Tras un ano e medio de traballos e xuntanzas preparatorias, o pasado 9 de agosto celebrábase en Vigo a asemblea constituínte do que é o primeiro sistema participativo de garantía (SPG) na Galiza: A Gavela. Fórmalo 13 produtores e produtoras, un grupo de consumo e tres pequenos comercios entre os que se inclúe a Cooperativa de Consumo Consciente Árbore.

Este SPG nace como alternativa aos sistemas de certificación “de terceira parte” nos que unha entidade exterior -como o Consello de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega)- vixía o cumprimento de certos requisitos que dan dereito á concesión dun selo que garante que un alimento foi producido con métodos de cultivo ecolóxicos.

Pola contra, nun SPG “é a comunidade completa a que se apoia e supervisa a si mesma: produtores e produtoras, consumidores e consumidoras e pequenos comercios participamos da definición das técnicas que nos parecen desexables e as que nos parecen inadmisibles, e visitámonos unhas ás outras para verificar que os membros do grupo son fieis a eses criterios”.

✓ Algo máis ca unha simple etiqueta

Outras características que definen este sistema participativo de garantía é o asemblearismo no debate e toma de decisións, e o seren unha comunidade aberta: «Non somos un “servizo a profesionais” nin unha etiqueta, senón un grupo que trata de englo-



O pasado 10 de marzo presentábase en sociedade o SPG A Gavela no local social da Cooperativa Árbore, en Vigo

bar toda a cadea de alimentación. Por iso, o potencial do SPG vai máis aló da garantía de boas prácticas que ofrece: podemos crear ferramentas colectivas variadas para os membros, e xa es-

tamos avanzando nas primeiras».

No aspecto organizativo, máis alá da asemblea xeral, onde se toman tódalas decisións e, ademais, “serve para que nos coñezamos e fortalezcamos os víncu-

los entre nos”; quen organiza o traballo do día a día son tres comisións -xestión, verificación e comunicación- nas que se tenta que participen habitualmente tódolos membros do SPG.

Unha certificación que desterra a explotación laboral e a competencia a través dos prezos

Os preceptos que deben cumprir os labregos e labregas que queiran formar parte do SPG A Gavela son os seguintes:

- ✓ Prohibición de usar produtos de síntese química, como fertilizantes, herbicidas, fungicidas, insecticidas, etc. Prohibición tamén de empregar transxénicos.
- ✓ O SPG non certificará empresas nin proxectos que impliquen beneficios baseados na explotación das persoas. Acéptase, no entanto, a torna-xeira (axuda mutua dos veciños para os labores do campo), o traballo familiar e aprendices voluntarios/os.
- ✓ Mantemento da fertilidade natural do solo, uso e fomento da biodiversidade e o policultivo.
- ✓ Respecto á dignidade da terra, dos animais e das plantas.
- ✓ Participación activa no SPG.
- ✓ Transparencia dos proxectos: acceso libre e sen

restricións ás zonas de traballo, tanto para as persoas que verifiquen, como para a clientela.

- ✓ Preferencia polos circuitos curtos de comercialización: venda directa e local.
- ✓ Apoio mutuo en lugar de competencia: aceptación dos prezos de venda acordados entre os produtores e produtoras, e renuncia a competir baixándoos.
- ✓ Prohibición de compaxinar actividade en ecolóxico con actividade en convencional.

En canto á área xeográfica que abrangue este SPG, colle a rexión sudoeste da provincia de Pontevedra. En concreto, as comarcas de Pontevedra, Terra de Montes, Morrazo, Vigo, Condado, Paradanta e Baixo Miño. Non se trata dun ámbito pechado, pois quen estando fóra desta zona queira formar parte do SPG poderá solicitarllo á asemblea d'A Gavela, onde se considerará a idoneidade de aceptar ou non a candidatura.

SEGUE ▶

Aposta por un método no que participan en igualdade todas as partes implicadas na cadea

Para afondar no primeiro SPG da Galiza, falamos con tres das súas protagonistas, unha por cada parte integrante: Begoña e Ricardo, de Horta do Val (produtores e produtoras), Diana de Ecoenvío (tendas) e Ánxeles de DesPensa (grupo de consumo).



■ **Diana Muñoz**, amais de ser labrega, ten unha pequena tenda on-line, Ecoenvío, a través da cal vende cestas de hortalizas frescas, tanto da súa horta como doutras veciñas. Nese papel de pequena distribuidora de alimentos, Diana di que o SPG a mantén *“unida as leiras de onde veñen os produtos cos que encho as cestas cada semana. Ademais, A Gavela ten en conta criterios sociais que no valora ningunha outra certificación e, en vez de pagar un organismo gubernamental, participa traballando día a día cos demais labregos, tendas e grupos de consumo”*.

A maneira de participar as tendas no SPG é semellante á do resto de integrantes. Cadaquén *“decide en que comisión de traballo quere participar”*.

Diana di que a aceptación da súa clientela foi *“boísima”*, xa que pagan por alimentos *“frescos, acabados de coller, cultivados dunha forma respectuosa co medio que nos dá de comer. A xente quere saber de onde veñen os produtos, visitar as leiras e coñecer os labregos e labregas. Iso é confianza, non ter que estar pedindo papeis e certificados para asegurarse que todo está ben. Non cultivamos así para ter que xustificarnos, cultivamos así porque esta é a nosa forma de vida”*.

Unha das moitas características que difere a Gavela de sistemas como o Craega é que inclúen tendas, cando o consello regulador só ampara leiras e produtos envasados. *“A min paréceme importante que, como tenda, me pidan certos requisitos como, por exemplo, comerciar con produtos o máis locais posible, axudar ao labrego no que sexa necesario, que os empregados teñan unhas condicións laborais dignas ou que participe noutros proxectos*

sociais. Aínda que todo isto xa o fago sen que ninguén o teña que certificar, gústame que se valore”.

Finalmente, para Diana *“non deberíamos pagar por xustificar que facemos as cousas ben. Pola contra, quen bota pesticidas, fertilizantes químicos e herbicidas, nin paga nin xustifica. Non podemos pagar máis por isto. Nós facémolo ben, e quen queira que veña vernos: mostrámoslle as leiras e tamén os controis, que os temos”*.



■ O outro piar d'A Gavela son os propios consumidores. En concreto, **DesPensa** é un grupo de consumo formado por unhas trinta persoas do Val Miñor, de concellos como Nigrán ou Gondomar, *“xente interesada en DesPensa a forma de alimentarnos, adoptando unha actitude crítica fronte ao modelo de consumo imposto e tentando levar á práctica outro xeito de satisfacer as nosas necesidades alimentarias”*.

Tivemos ocasión de preguntarlle pola súa participación n'A Gavela a Ánxeles Bouzó, que forma parte deste proxecto dende 2012, para quen, tanto o Sistema Participativo de Garantía como DesPensa *“son exemplos de construción de alternativas que xorden como respostas colectivas da organización libre da sociedade que debe empoderarse e comezar a tomar decisións por si mesma, sen esperar a que llo dean feito”*.

Para DesPensa, unha das principais vantaxes do SPG é que *«somos parte, polo que somos nós -consumidores e consumidoras, produtores e produtoras e tendas- quen decidimos que criterios vai ter este selo. No sentido de protección do medio ambiente e das persoas, o SPG é aínda máis esixente que o selo “oficial”, que non considera moitos aspectos para nós fundamentais como a xustiza social na produción, a biodiversidade nos cultivos, a calidade das sementes ou a proximidade. O selo “ecolóxico” pode vir en produtos importados, producidos por grandes empresas en monocultivos*

ou mesmo proceder de terras labregas expropiadas... E isto a nós non nos interesa».

Á pregunta de se o SPG lles dá suficiente confianza como consumidores e consumidoras, Ánxeles ten clara a resposta: *«Por suposto, porque facemos nós mesmas as visitas de verificación, rotámonos nesta tarefa que é obrigatoria para todas as persoas que integran o SPG. Cada participante ten que facer, como mínimo, tres visitas ao ano. Deste xeito, quedamos todos e todas “verificados”. Cando falla algo, corríxese. Tamén lle damos importancia á axuda e á formación compartida. Por outra banda coñecemos entre nós e necesitamos. Non ten sentido o autoengano»*.



■ **Horta do Val** é unha das quince granxas que se integran n'A Gavela. Son Begoña Vázquez e Ricardo Gómez quen a rexentan coa axuda da nai del, Aurea, para producir hortalizas, froitas e cereais, principalmente, aínda que tamén crían ovellas e galiñas. As súas terras téñenas repartidas en concellos como Nigrán, Gondomar ou Salvaterra, e distribúen os alimentos directamente co reparto de cestas ou en feiras.

A pesares de practicar a agroecoloxía, Horta do Val nunca formou parte do Craega, xa que *“non valora moitos parámetros de aspecto social para nós importantes”*. Ademais, o SPG *“non se basea na burocracia, senón en feitos e aptitudes. A diferenza entre o SPG e o Craega é que os membros d'A Gavela non só obtemos un selo, senón que tamén somos certificadores. Desta maneira, labregos e labregas, comerciantes, e consumidores e consumidoras, coñecen de primeira man a orixe dos alimentos certificados”*.

Begoña e Ricardo amósanse moi ilusionados *“co funcionamento, organización e participación do colectivo en xeral pois, a día de hoxe, acadáronse os obxectivos previstos na asemblea inaugural. E sen deixar de avanzar. Tamén notamos un maior interese da nosa clientela en moitos aspectos do SPG”*. **FIN** ■

AXUDAS AGROAMBIENTAIS ▶ O Sindicato Labrego Galego denunciou nunha rolda de prensa os fortes recortes na axudas agroambientais, ao clima e á agricultura ecolóxica

Medio Rural volve marxinar a gandería extensiva e as zonas desfavorecidas

Ademais da diminución xeneralizada dos importes, resolvéronse negativamente 2.244 expedientes de solicitude

O Sindicato Labrego Galego ofreceu unha rolda de prensa para denunciar os fortes recortes que están a sufrir as axudas agroambientais, retalladas que se traduciron na denegación de 2.244 solicitudes e na marxina- ción de proxectos que teñen que ver con gandería extensiva, sobre todo en zonas desfavoreci- das de montaña. Na compare- cencia ante os medios de comu- nicación participaron a secreta- ria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, e un gandeiro e unha gandeira afectadas: Alberto San- tín González, produtor de ovino e caprino en Sarria, e Mercedes Maseda Martínez, produtora de carne de vacún en Pacios (Castro de Rei).

Un dos primeiros feitos que denunciou Isabel Vilalba foi a ab- soluta indefensión dos produto- res e produtoras a quen se lles reduciu a axuda, pois nin seque- ra recibiron unha carta cunha re- solución motivada explicándol- les as razóns, cando “*esta xente tivo que estar dende 1 de xaneiro de 2015 cumprindo os requisitos esixidos, completando cadernos e cunha entidade de aconsellamen- to contratada obrigatoriamente e custeada polos propios produto- res e produtoras sen saber lles ían conceder a axuda. Con todas estas esixencias, houbo que agardar até finais de xaneiro de 2016 para re- cibir a carta de aprobación. No caso das resolucións negativas, non se soubo delas até que se pu- blicaron as axudas denegadas no Diario Oficial de Galicia do 10 de febreiro*”.



A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, conversa con Mercedes Maseda e Alberto Santín, gandeiro e gandeira afectadas polos re- cortes das axudas agroambientais, antes de comparecer en rolda de prensa o 12 de febreiro en Lugo para denunciar o problema

Quedaron fóra das axudas todas as fincas de pasto arbustivo inferiores a 3.000 m²

En canto aos produtores e produtoras a quen lles aprobaron as agroambientais, na maioría dos casos viron reducida a superficie de terra inicial pola que solicitaban a axuda e, polo tanto, tamén recortada a contía aprobada; a pesares deste min- gua, non aparecen especificadas cales son as fincas que non se lles inclúen nas axudas nin o por que da súa exclusión. Por outra banda, nos expedientes denegados si aparece un código debido ao cal teñen a denegación.

Para a secretaria xeral do SLG, a maioría dos re- cortes nestas axudas débense ao mal funciona- mento da Administración. “*Hai persoas que tiveron controis nos que foron obrigadas a achegar docu- mentación que despois nin se lles grampou no expe- diente*”. E tampouco se entenden os criterios de concesión. Por exemplo, quedan fóra das axudas as parcelas de pasto arbustivo menores de 3.000 m², cando na Galiza o tamaño medio das fincas é infe- rior a ese; ademais, este tipo de pasteiros son per- fectamente encaixables nesta liña de axudas,

sendo de grande importancia a gandería nesta caste de terreos pola súa función preventiva contra os incendios forestais. Ademais, precisamente é o modelo extensivo de gandería, moito máis respec- tuoso co medio ambiente e xerador dunha maior calidade no produto final, o que adoita utilizar este tipo de pastos, polo que resulta absurdo que fique excluído dunhas axudas que se convocan, precisa- mente, para apoiar os modelos agrícolas máis sos- tibles dende o punto de vista ecolóxico.

Carme Cabarcos, técnica do Sindicato Labrego Galego, explica que “*nun primeiro momento, cando se solicitaron as axudas, excluíronse as fincas con menos de 3.000 m² a pasto arbustivo e reduciuse o Coeficiente de Admisibilidade de Pastos (CAP) en moitas. Por se non abundase, tamén se fixo outra significativa redución no momento da aprobación a estas parcelas con pastos arbustivos ou pastos de ar- boredo, polo que se produciu unha importante min- gua neste tipo de terreos idóneos para criar e alimentar gandos como o ovino ou o caprino*”.

As denegacións chegaron ao 30% nas zonas de montaña, e ao 40% nas máis desfavorecidas

Tamén quedan fóra das axudas as zonas desfavorecidas, que non puntuaron, cando si o fixeron as terras que están na Rede Natura. *"Polo que coñecemos", matizou Isabel, "en zonas de montaña a Consellaría denegou ata o 30% das solicitudes, e en zonas desfavorecidas ata o 40%".*

Outras deficiencias na xestión destas axudas por parte de Medio Rural serían tamén o cambio de uso das parcelas no SIX-PAC no medio do proceso de tramitación administrativa dos expedientes, ou non computar as fincas con problemas de duplicidade na súa titularidade aínda que as persoas propietarias teñan certificado a súa propiedade.

✓ Desprezo da profesión labrega

Ademais, para desanimar á xente que queira reclamar, se o recurso vén denegado inclúe unha sanción, polo que moitas persoas afectadas calan para non meterse en máis problemas. As granxas afectadas tiveron até o 11 de marzo para reclamar diante do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), data trala cal Medio Rural disporá de 3 meses para resolver cada recurso. Mercedes Maseda e Alberto Santín criticaron que *"un gandeiro ou gandeira ten que cumprir todos os seus compromisos, senón terá sanción, penalización ou denegarlle o expediente. Sen embargo, cando a Administración non cumpre co seu traballo e comete un erro, isto non ten responsabilidades nin efectos de ningún tipo sobre ela. Quen saímos sempre prexudicados ou prexudicadas somos os gandeiros ou as gandeiras. Noutros países, a Administración ten un gran respecto polos labregos e polas labregas, pois saben que somos o futuro e un importante alicerce da sociedade; pero aquí, na Galiza, o respecto cara a profesión labrega é nulo".*

RISCOS LABORAIS NO TRABALLO AGRARIO CON XURROS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

MEDIDAS DE PREVENCIÓN A ADOPTAR

Nunca e baixo ningunha circunstancia baixaremos a un depósito de almacenamento de xurro sen seguir a seguinte rutina:

- **Baleirado completo** do depósito.
- **Ventilación total durante, polo menos, 24 horas antes.** Se existe posibilidade de ventilación forzada, aplícala.
- **Nunca traballará unha única persoa nestes labores.** Haberá, cando menos, outra que non descenderá nunca ao depósito, pase o que pase.
- **A persoa que baixe, baixará atada,** de tal forma que si sucedera algo, a outra puidera sacala de inmediato.
- Tralas 24 horas de ventilación, e antes de baixar, tirar un **papel aceso** ao fondo do depósito. Se este arde con normalidade, sen que a chama flutúe nin presente coloracións estrañas, pode baixar a persoa atada.
- Sempre que sexa necesario efectuar traballos de calquera índole en áreas deprimidas de sistema de recollida, evacuación e/ou almacenamento de xurro, **estes traballos efectuaranse provistos de equipo autónomo.**

OUTRAS MEDIDAS

- Non se debe inxerir alimento ou bebidas, nin fumar mentres se efectúan as limpezaas ou operacións de calquera tipo con xurro.
- Considéranse equipo de protección individual as botas de auga e os guantes (máscara no caso da distribución de xurro), así como un buzo en boas condicións e unha viseira.
- Extremar as medidas de hixiene persoal nos períodos de traballo con este tipo de subprodutos.
- En caso de producirse unha ferida nestes traballos ou con ferramentas que estiveran previamente en contacto con dexeccións, limpar coidadosamente con auga e xabón e acudir ao médico para que este dítamine si e necesaria a vacinación antitetánica ou outra medicación específica.



Os xurros e as dexeccións líquidas supoñen un importante factor de risco específico asociado aos depósitos de almacenamento, nos que con certa frecuencia é preciso entrar por labores de limpeza ou mantemento. O principal axente de risco nos depósitos de residuos gandeiros (foxas de xurro) e, en consecuencia, o principal causante de mortes nesa tarefa é o ácido sulfhídrico (SH₂).

O sulfhídrico presenta un olor moi característico a ovos podres, que se detecta en concentracións moi baixas a partir de 0,05 partes por millón (ppm). Sen embargo, constitúe un grave erro empregar esta característica como único elemento de alerta. Está comprobado que en concentracións tan baixas como a descrita, o ácido sulfhídrico satura a pituitaria olfactiva en poucos minutos, deixando de percibirse. A concentracións superiores a 100 ppm, provoca a parálise do nervio olfativo, polo que xa non se detecta e convértese nunha substancia mortal con concentracións de tan só o 0,2% (2.000 ppm). Polo tanto, en calquera circunstancia laboral na que sexa previsible a presenza de SH₂, hai que actuar como se este gas estivera presente a concentracións perigosas.

Os accidentes deste tipo acontecidos soen saldarse con feridos moi graves, e sobre todo con resultados de morte. É o principal factor de risco con resultado de morte na gandería.

Aínda que se soe referir a eles como morte por asfixia, o término é inexacto. Sería un falecemento por envelenamento ou intoxicación, xa que é o SH₂ que o que ocasiona a morte.

Existen dous elementos que xustifican a letalidade do proceso: as baixas concentracións nas que pode transformarse o ácido sulfhídrico nun veneno mortal e o proceso de saturación ou inadvertecia olfactiva.

A maioría dos casos de morte están asociados a situacións de atasco en sumidoiros e conducións de xurros nos que o operario descende para realitzar traballos de mantemento e limpeza.

O SH₂ atópase difundido no seo do xurro. A concentración que se atopa na atmosfera é notoriamente inferior á existente no seo das dexeccións, de modo que os procesos de axitación e turbulencias provocan un súbito afloramento do gas á superficie, alcanzando en segundos concentracións mortais.

Cando este proceso coincide con áreas deprimidas carentes de ventilación como sumidoiros, conducións ou depósitos, a combinación resultante é extremadamente perigosa, e como tal debe ser tida en consideración por calquera traballador ou traballadora que, circunstancialmente, deba desempeñar tarefas deste tipo.

CUNICULTURA ▶ Sacrificar en pequenos matadoiros e comercializar sen intermediarios diminuíría a dependencia das granxas e redundaría na calidade da carne producida

COAG e SLG piden modificar a normativa para regular a venda directa de coello

Países como Francia, Italia, Bélxica ou Austria xa lexislaron esta cuestión desenvolvendo o regulamento CE 853/2004

A COAG e o Sindicato Labrego Galego solicitamos do Ministerio de Agricultura e da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN) a adaptación da normativa hixiénico-sanitaria comunitaria para facilitar a venda directa da carne de coello dos produtores e produtoras aos consumidores e consumidoras.

O sector cunícola atravesa un escenario de descapitalización moi agresivo, caracterizado por unha situación de baixos prezos (por baixo de custes), escaso consumo interno, exceso de oferta e dificultades á hora de dar unha maior saída ao exterior. “A situación de falla de rendibilidade das explotacións fai necesario atopar sistemas de comercialización alternativos que supoñan un valor engadido das producións, como é o caso da venda directa, tal e como se realiza noutros estados comunitarios como Italia, Francia e Bélxica”, subliñou Xosé Luís Santaclara, responsábel do sector cunícola no SLG e COAG.

O Regulamento CE 853/2004 establece normas en materia de hixiene dos alimentos de orixe animal, tanto transformados como sen transformar, pero non se aplica ao subministro directo por parte de produtores e produtoras de pequenas cantidades de carne procedente de aves de curral e lagomorfos.

✓ Matadoiros de granxa

Durante varias xuntanzas bilaterais, COAG e SLG solicitamos á AECOSAN e ao Ministerio de Agricultura que se autoricen os



matadoiros en explotación e que teñan uns requisitos legais máis doados de asumir que para os grandes, tal e como acontece en Francia ou Austria. “Desta maneira, facilitaríase ao gandeiro ou á gandeira elixir entrambas opcións de sacrificio. Aqueles e aquelas que, polas súas circunstancias económicas ou pequena produción, non poidan desenvol-

ver o sacrificio na explotación, poderían derivar os seus produtos a pequenos matadoiros locais”, puntualizou Xosé Luís Santaclara.

Moitos destes matadoiros locais estaban activos hai anos, utilizándose para o sacrificio de ganderías da zona e destinando a produción ao seu consumo no entorno rural no que se atopa-

ban. Tralo peche dos mesmos, a poboación rural perdeu o acceso ao mercado de coellos producidos na zona, os cales gozaban dunhas notables calidades organolépticas, como son o frescor e o sabor. A venda directa, en moitos casos, resulta ser a única vía para chegar a certas consumidoras e consumidores, polo xeral residentes no medio rural.

Un modelo para pequenas granxas cun radio de acción suficiente para ser rendible

Ademais, COAG e o SLG apostamos pola autorización do despece e procesado, da mesma maneira que en Francia. Deste xeito, os gandeiros e as gandeiras poden participar en maior medida na cadea de valor, sacando unha maior rendibilidade á súa produción.

COAG e o SLG propoñemos que este sistema sexa válido para todo tipo de especies cunícolas, se ben consideramos que este modelo debería limitarse a pequenas ou medianas explotacións, as cales non poden gozar de economías de escala e, polo tanto, a volatilidade do mercado das carnes e das materias primas impáctanlles en maior medida que ás grandes explotacións. En canto ás modalidades de venda, dende COAG e o SLG avogamos

polo subministro directo de carne e elaborados de coello ás consumidoras e consumidores finais (podendo realizarse a venda na propia explotación ou en mercados), así como en establecementos de venda ao por menor.

Respecto ao ámbito xeográfico, COAG e SLG consideramos que non se pode limitar a venda á comunidade autónoma na que está domiciliada a explotación, xa que moitos concellos son limítrofes con comunidades veciñas e as súas granxas deberían poder acceder a ese mercado. Ademais, existen comunidades autónomas de grande extensión territorial pero con baixa densidade de poboación, polo que habería que permitir un amplo radio de venda para evitar desigualdades. **SEGUIR ▶**



Do monopolio de Castela e León a un oligopolio de tres na Galiza

Dependendo do ámbito xeográfico, a carne de coello pode pasar de ser controlada por unha soa empresa a estar repartida entre multitude de matadoiros pequenos e medianos. Así, mentres que o Grupo Hermi domina case en réxime de monopolio Castela e León, que é a segunda produtora do Estado; en Cataluña e Valencia predominan os matadoiros familiares e as pequenas cooperativas. Na Galiza, temos unha situación de oligopolio, con tres grandes matadoiros que controlan o sector: Hermi, na Coruña; Cogal, en Rodeiro; e Cunicarn, en Celanova.

Esta posición de dominio fai que as granxas non teñan capacidade de influencia sobre os prezos que lles pagan, polo que teñen que apandar cos valores actuais por baixo dos custes de produción. No que levamos de 2016, o prezo medio do coello vivo sitúase en torno aos 1,45 €/kg vivo, fronte a un prezo medio de 1,57 €/kg en 2015 e 1,77 €/kg en 2014. Mentres tanto, os custes de produción situáronse de media entre 1,80-1,85 €/kg vivo. Segundo Xosé Luís Santaclara, "Desde 2014, só houbo 5 meses nos que os prezos estiveron por riba de custes. O resto, vendemos a perdas, o que provocou unha grave falta de liquidez nas explotacións e o peche de centos de granxas".

Un dos argumentos dos grandes matadoiros para xustificar a crise de prezos é que sobra produción. Parece ser que se debería reducir o número de coellos criados nun 30%. Sen embargo, dende o sector hai voces críticas: "Ao tempo que afirman que sobra o 30% da produción de coello para xustificar os baixos prezos, están a abrir granxas de integración e ameazando con deixar de recoller a produción das explotacións independentes. A transparencia na cadea de valor brilla pola súa ausencia. Estamos cansos e cansas de mentiras e de que todo o mundo leve marxe a costa das granxas", queixase Santaclara.

✓ Axudas e compra pública como medidas de choque

Ante a extrema situación, ademais de regular os matadoiros de granxa, COAG e SLG pedimos ao Ministerio unha reunión urxente para orquestrar un plan de choque que alivie a falta de liquidez das granxas, no que se contemplan axudas directas. Ademais, é preciso comprometer ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) na compra de carne de coello conxelada dentro do seu programa de axuda alimentaria en vigor, o que permitiría alixear o mercado e satisfacer a necesidades de colectivos necesitados na actualidade.

PORCINO ▶ COAG calcula que unha granxa de tamaño medio pode estar a perder uns 4.500 euros por semana

O prezo da carne de porco cae un 25% pero non se abarata no comercio

As cotizacións chegaron a caer no mes de febreiro por baixo de 1 euro por quilo, con prezos ao redor dos 90 céntimos

Outro sector gandeiro que está a vivir unha das súas peores crises de prezos é o porcino. De feito, á luz dos últimos datos publicados, o prezo do quilo de porco vivo na lonxa de Mercalleida foi de 1'13 € en 2015, o prezo máis baixo dos últimos cinco anos. A comezos de febreiro, a cotización caera aínda máis, até os 90 céntimos por quilo.

A pesares desta forte depreciación, a xente case non notou a rebaixa no prezo final. Dende a COAG denunciouse que, dende xaneiro de 2014 até decembro de 2015, os prezos para as granxas de porcos caeron un 25%, mentres que o valor da carne nos comercios reduciuse só un 1%. Nesta situación, o sector porcino enfróntase a unha crise na que o diferencial de prezo entre a granxa e a mesa é o máis alto nos dous últimos anos, chegando ao 450%.

"Resulta lamentable que a industria transformadora e as cadeas de distribución engorden as súas marxes mentres que unha explotación media perde 4.500 euros cada mes porque,

dende hai máis de 12 semanas, os prezos pagados en orixe non cobren tan sequera os custes de produción", denunciou Jaume Bernis, responsábel do sector porcino en COAG.

Así, en 2016, o prezo medio do porco vivo sitúase nos 95 céntimos por quilo, cando os custes de produción están en 1'12 €. Estes valores contrastan co prezo medio de 1'13 € en 2015m 1,27 € en 2014 e 1'37 € en 2013. Destas cotizacións, cómpre restar os descontos practicados polos matadoiros, que roldan entre os 3 e os 6 céntimos por quilo de porco vivo.

Diante desta situación, dende COAG pediúselle ao Ministerio de Agricultura que actúe e penalice as prácticas comerciais abusivas por parte da industria e das cadeas de distribución. Tamén se lle solicitou un esforzo á Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) para aumentar as inspeccións neste sector.

Outra medida que podería aliviar a situación do sector sería o fomento do aproveitamento enerxético dos excedentes de zurros nas propias explotacións, o que suporía un dobre beneficio: unha xestión sostible dos refugallo das granxas e redución da factura eléctrica.



MINARÍA SALVAXE ▶ Os proxectos da empresa Grupo M-FM 2001 afectan 100 Km² nos municipios de Zas, Santa Comba, Vimianzo, Coristanco, A Baña e Mazaricos

Minas na Costa da Morte ameazan unha zona con máis de 2.000 granxas vacúas

O SLG alegou contra unha explotación mineira que atenta contra a riqueza agrícola, gandeira e forestal da bisbarra

A coordinadora da loita contra a minaría salvaxe no Sindicato Labrego Galego, Margarida Prieto Ledo, rexistrou un documento de alegacións contra o proxecto de investigación mineira Isabela II, promovido polo Grupo M-FM 2001 SL e que afecta 156 cuadrículas mineiras (46'80 km²) nos municipios de Zas, Santa Comba, Vimianzo e Coristanco. O escrito ía asinado pola secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, e dirixido á Consellaría de Economía e Industria.

No documento, o SLG destaca a riqueza agrícola, forestal, silvícola, gandeira, turística e paisaxística dos concellos afectados, e recorda que a lei dá protección especial a este tipo de usos e prohíbe calquera actuación que sexa incompatible cos “valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou calquera outro que sexa obxecto da protección outorgada”.

Ademais, o permiso de investigación mineira solicitado afecta unha zona onde o peso agrogandeiro e forestal é moi importante. De feito, e segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) referentes ao número de unidades agrarias de transformación (UTAs) nas explotacións gandeiras dos concellos afectados, estes sectores mailo forestal dan traballo a máis de 28.000 persoas. Só nos catro concellos onde se pretenden levar a cabo as prospeccións, o IGE cifraba, con datos



de 2014, en 1.416 as explotacións de vacún, que se elevarían a 2.138 se engadimos outros concellos da zona tocados por proxectos mineiros semellantes, como A Baña ou Mazaricos. Ademais, Coristanco está incluído na subzona de Bergantiños da Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia pola idoneidade dos seus solos para este cultivo.

Margarida Prieto foi a encargada de rexistrar as alegacións do SLG contra o proxecto Isabela II (abaixo), acción que reforzou a presentación de 307 alegacións e 1.187 sinaturas no concello de Zas por parte dunha plataforma de colectivos da zona



Ademais de Isabela II, están pendentes de obter permiso Livia 7092, Grixoa e Vilar

Para o Sindicato Labrego Galego, resulta intollerable que dende a Xunta de Galicia se lles estea a dar prioridade a multitude de proxectos mineiros que atentan directamente contra actividades económicas ancestrais como a silvicultura, a gandería ou a agricultura, ao provocar danos irreversibles nos solos dos que dependen as profesións vinculadas a eles. Ao SLG preocúpalle especialmente que as actividades mineiras entren en colisión con comarcas enteiras que teñen a súa principal fonte de riqueza nos traballos agrarios e gandeiros.

Por centrarnos só na Costa da Morte, onde se pretenden levar a cabo as prospeccións do Isabela II, está afectado boa parte do territorio de comarcas como Xallas, Terra de Soneira ou Ber-

gantiños. A mesma empresa Grupo M-FM 2001 SL xa ten concedido un permiso de investigación co proxecto Livia 7092 que afecta 162 cuadrículas mineiras ou, o que é o mesmo, 48,60 km² n'A Baña, Mazaricos, Santa Comba, Vimianzo e Zas. Ademais, outras empresas están a piques de obter idénticos permisos de investigación (proxectos Grixoa e Vilar) para 24 cuadrículas en Santa Comba e Zas (7,20 km²). Só cos proxectos mencionados até agora, estarían en perigo máis de 100 km² de terras dunha das comarcas con maior riqueza agrogandeira e forestal da Galiza, polo que todos estes proxectos van ter a frontal oposición do Sindicato Labrego Galego, e a veciñanza que se opoñe a eles o total apoio desta organización agraria.

IMPOSTOS ▶ A través da COAG mantívose unha xuntanza de traballo coa directora xeral do Catastro, Belén Navarro

O SLG leva a loita contra o catastrazo das aldeas galegas a Madrid

Nos últimos meses levou a cabo unha intensa campaña informativa en varios concellos da provincia de Lugo

O Sindicato Labrego Galego continuou, durante os últimos meses, coa súa campaña contra o catastrazo, informando onde foi chamado, asesorando a afiliación, e denunciando cando cumpriu nos concellos afectados pola regularización catastral (ver Fouce 309, páx. 20). E fíxoo dende o contacto directo coa veciñanza de municipios afectados como Sober, O Courel, Xermade, Castroverde, Lourenzá, Vilalba ou Pol (ao peche deste Fouce, xa tiñamos charlas

informativas programadas en Muras, A Pastoriza e Meira); até os encontros de traballo mantidos con concelleiros e concelleiras e equipas técnicas municipais. Respecto disto último houbo de todo, dende gobernos municipais que se negaron a reunirse co Sindicato Labrego para tratar esta cuestión, como os de Vilalba ou Abadín; a outros, como os de Muras ou Guitiriz, cos que se mantiveron encontros de traballo como o celebrado, en decembro, entre a coordinadora do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto, e a alcaldesa guitiricense, Regina Polín.

Este asesoramento a xente afectada e reunións con gobernos municipais fixéronse paralelamente a contactos ao máis



En varios concellos, como o de Xermade, o Sindicato Labrego Galego tomou a iniciativa para informar e asesorar á veciñanza sobre as revisións catastrais

alto nivel para tratar esta problemática, como o encontro que mantivemos en Madrid, a través da COAG, coa responsábel da Dirección Xeral do Catastro, Belén Navarro, e a súa equipa. A esta xuntanza acudiu unha comitiva da coordinadora estatal formada por Francesc Boronat, Roger Canals, Pablo Martínez e José Luís Miguel, que denunciou diante da directora xeral os incrementos desmesurados dos

valores catastrais dos inmobles agrarios (naves gandeiras, galpóns, almacéns, balsas de auga, etc), o que leva canda si o aumento de taxas como o Imposto de Bens Inmobles (IBI) ou o de transmisións patrimoniais e herdanzas. Mesmo xa temos denunciado dende o Sindicato Labrego Galego a perda de becas escolares e universitarias ao aumentar o patrimonio per cápita das familias.

PDR 2007-2013 ▶ Deses cartos, 55'91 millóns poñíaos a Unión Europea a través do FEADER

A Xunta perde 74 millóns de euros para desenvolvemento rural por non executalos

O 31 de decembro pechouse a posibilidade de utilizar os cartos do FEADER (Fondo Español de Axudas ao Desenvolvemento Rural) cos que se custeaban os Programas de Desenvolvemento Rural 2007-2013 (PDR). As estimacións iniciais apuntan a que, dos 888 millóns de euros dos que dispuña, a Consellaría de Medio Rural perdeu 55'91 millóns ao quedarlle por executar o 6'26% dos cartos do PDR. E iso a pesares de ter tido un prazo adicional de dous anos máis para executalos.

En total, os cartos que se deixarán de investir no noso medio rural ascenden a 74 millóns de euros, xa que aos 56 millóns de Bruxelas habería que engadir a

parte correspondente á Xunta e ao Ministerio de Agricultura.

Coma sempre, a improvisación e o deixar todo para última hora poden ter parte da culpa. Sen ir máis lonxe, en outubro de 2015, cando quedaban só tres meses para que expirase o derradeiro prazo para executar os fondos (31 de decembro), a Medio Rural aínda lle quedaban por gastar 153 millóns de euros.

Trátase dunha perda de cartos inxustificable no contexto de crise actual, xa que este diñeiro emprégase en modernización de granxas, incorporación de mozos e mozas ao agro, ordenación do territorio e melloras na produtividade da industria agroalimentaria e forestal.

✓ **30 millóns sen executar no eido forestal**

Un bo exemplo de como a Xunta malbarata estes cartos témolo nos recursos destinados a silvicultura. Bruxelas deu a Galiza máis de 61 millóns de euros para silvicultura, e para o desenvolvemento dun monte produtivo, pero a Xunta só executou a metade, renunciando a máis de 30 millóns de euros. En concreto, deixáronse de executar 4'8 millóns no fomento da silvicultura, dun total de 18'1 millóns programados neste capítulo; e 25'4 millóns menos no fomento da primeira forestación de terras non agrícolas e de frondosas caducifolias, dun total de 53'2 millóns. Sen em-

bargo, o capítulo destinado a prevención de incendios forestais aumentou en 25'4 millóns de euros respecto aos cartos que tiña asignados inicialmente. Voces críticas no sector expresaron as súas sospeitas de que se estean a desviar fondos aos lumes que non lle correspondían, en detrimento da xestión racional dos nosos montes como medida fundamental de prevención contra os incendios. En total, en política anti-incendios "queimáronse" 101'9 millóns de euros, cando se asignaran inicialmente neste capítulo 81 millóns; a estes cartos, habería que engadir unha reasignación posterior de fondos de 4'5 millóns de euros.

FAUNA SALVAXE ▶ As granxas afectadas denuncian a falla de políticas preventivas para combater este problema

Os lobos amplían o seu dominio no Macizo Ourensán

Ataques sobre ganderías ás que nunca chegaran estes depredadores fan pensar nun incremento do seu territorio de caza

Recentemente, as vacas de **Ángel Rivas** sufrían outro ataque dos lobos, desta vez en Teixeira, na parroquia de Escuadro (Maceda), a uns poucos centos de metros das casas. Nesta ocasión, foi un becerro de raza Viena duns poucos días polo que terían pagado uns 600 euros, pero as perdas serán máis abondosas, pois a nai do animal morto mancouse nos tetos con arame de espiño cando fuxía dos lobos, polo que houbo que chamar os veterinarios; ademais, coas ubres cheas e sen becerro que aleitar, é moi posible que esta vaca acabe padecendo mamite.

Polo tanto, a indemnización coa que conta Ángel, ao redor duns 300 euros, non cobre nin de lonxe os danos ocasionados. Por se non abundase, é consciente de que a cobrará, con

sorte, dentro dun par de anos, tal e como lle aconteceu cos cartos ingresados neste 2015 por ataques denunciados en 2013.

Este gandeiro do Macizo Ourensán xa deu parte de dous ataques sobre o seu gando en 2015, pero o acontecido en novembro non foi o terceiro. E é que Ángel Rivas perdeu a conta dos ataques sufridos no que vai de ano, xa que algúns deles xa non se molestou en denunciálos. Isto débese a que se os axentes de Medio Rural non consideran probado o ataque dos lobos, como cando non deixan restos dos xatos devorados ou só uns poucos ósos; entón non aproban indemnización algunha.

✓ O primeiro ataque ás vacas de Samuel Formoso

Ao contrario de Ángel, para Samuel Formoso, gandeiro de Gomareite, en Vilar de Barrio, o ataque dos lobos que sufriu hai pouco foi o primeiro. No seu caso, aconteceu a carón no núcleo da parroquia de Bóveda - con 300 habitantes-, nunha área



de concentración parcelaria con fincas despexadas, lonxe das zonas de maleza ou boscosas onde adoita refuxiarse a fauna salvaxe, e a carón dunha pista bastante transitada. A Samuel os lobos matáronlle un becerro de raza Rubia Galega acabado de nacer. Entre as secuelas, xa conta con que a nai padecerá mamite por non poder aleitar a cría, que tería acadado no mercado un valor semellante ao xato de Ángel; e os trastornos no manexo do gando, pois agora Samuel érguese tódalas noites ás dúas da mañá para vi-

xiar as vacas que están a piques de parir. Así e todo, Samuel síntese con sorte, pois coñece veciños que, cada ano, contan por ducias os ataques dos lobos sobre a súa cabana gandeira.

A estes casos habería que engadir o de **John David Leadbeater**, a quen os lobos lle mataron dez ovellas na parroquia de Castro, en Laza. No seu caso, David non vai dar parte das mortes porque considera que os trámites burocráticos son tantos e as indemnizacións tan cativas, que non paga a pena molestarse.

MEDIO AMBIENTE ▶ A Plataforma contra as Fumigacións apela á cidadanía para que colabore municipio a municipio

Chamada a participar na campaña contra o glifosato con mocións nos concellos

O pasado 8 de abril, reuníamomos de novo os colectivos que formamos parte da Plataforma Fumigacións Non para reactivar a campaña contra o uso do herbicida glifosato, un perigoso canceríxeno creado pola multinacional Monsanto.

Unha das accións que levaremos a cabo será a de reforzar a presentación de mocións para que máis concellos se declaren

libres de glifosato. Esta nova campaña coincide coa decisión do Parlamento Europeo, adoptada por maioría o 13 de abril, de conceder unha prórroga de 7 anos á utilización do glifosato na Unión Europea.

Esta decisión tómase despois de que a Organización Mundial da Saúde (OMS) incluíse o glifosato na listaxe de substancias potencialmente canceríxenas.



Representantes de varios colectivos, entre os que estaba o SLG, participaron na xuntanza para reactivar a campaña contra a utilización do glifosato na Galiza

Dende o Sindicato Labrego Galego, animámoste a participar na campaña contra o glifosato presentando a moción no

teu concello. Tes toda a información e documentos necesarios para facelo web da plataforma: **fumigacionsnon.org**

REPRESIÓN ▶ A activista vinculada á Vía Campesina impedira que unha corporación transnacional se apropiase do territorio do pobo Lenca para construír un encoro

Asasinan a Berta Cáceres pola súa loita pola defensa da terra en Honduras

O país centroamericano foi tamén escenario da morte de Nelson García no desaloxo pola policía dun campamento de protesta

Berta Cáceres, coordinadora xeral do Consello Cívico de Organizacións Populares e Indíxenas de Honduras (COPINH) morría asasinada na súa propia casa, na noite do 3 de marzo, tras recibir varios disparos.

Este asasinato a sangue frío creou unha fonda consternación no seo da Vía Campesina, xa que Berta era unha loitadora exemplar cuxo traballo a prol dos dereitos e da terra do pobo Lenca, a maior etnia indíxena de Honduras, lle tiña valido recoñecementos internacionais coma o Premio Goldman. Non e van, Berta desenvolveu un labor esencial á hora de evitar a construción do encoro de Agua Zarca no río Gualcarque, sagrado para as comunidades locais e vital para a súa supervivencia.

Dende a Vía Campesina non se dubidou á hora de acusar do asasinato ás empresas transnacionais contra as que loitaba Berta e ao propio Goberno de



Berta Cáceres foi unha das máximas defensoras dos dereitos do pobo Lenca

Honduras, que actúa como cómplice das mesmas. Esta complicidade se puido ver en feitos como a negativa a atender a demanda de protección a Berta Cáceres, que a solicitara por ver a súa vida ameazada. Pola contra, o Estado Hondureño ten perseguido pola súa loita.

✓ Un traballador da Vía Campesina tiroteado

Poucos días despois, o 15 de marzo, o compañeiro e activista da Vía Campesina en Honduras, Christian Mauricio Alegría, foi tiroteado fronte á sede da orga-

nización agraria en Tegucigalpa. O atentado foi perpetrado por tres persoas sen identificar, que abriron fogo contra Christian sen mediar palabra. Afortunadamente, Alegría sobreviviu a esta nova tentativa de homicidio. Quen non tivo tanta sorte foi Nelson García, dirixente -como Berta Cáceres- do COPINH, e líder da comunidade de Río Chiquito. Nelson foi asasinado pola propia policía no desaloxo contra as 150 familias que formaban a comunidade de Río Lindo, no departamento de Cortés, a cargo dun operativo

formado por máis dun cento de axentes e soldados do exército.

A represión en Honduras vai máis alá dos atentados e ameazas contra líderes labregos, e toca directamente a persoas que apoian as súas loitas, como activistas de dereitos humanos ou xornalistas, que sofren detencións arbitrarias e mesmo condenas a varios anos de prisión por denunciar a corruptela e os delitos de lesa humanidade do Executivo hondureño e das corporacións que amparan.

Dende a Vía Campesina denunciáronse estes atentados contra os dereitos humanos e a vida de activistas sociais en Honduras, e demandouse a presenza neste país centroamericano de organismos internacionais para fiscalizar a insostible situación política. Diante desta situación, a Vía Campesina comprometeuse a *"seguir de preto a conxuntura hondureña, visibilizando e denunciando a nivel mundial a persecución e criminalización que enfronta o movemento labrego, indíxena e negro na súa loita frontal contra o grande capital transnacional polos nosos recursos naturais e a defensa dos nosos territorios"*.

A ECVC solidarízase coas persoas refuxiadas e avergóñase das políticas migratorias da UE

A Asemblea Xeral da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) celebrada a semana pasada en Bagnolet (ver páxina 22 deste Fouce), aprobou unha resolución coa que se solidariza cos miles de refuxiados e refuxiadas que arriscan a vida fuxindo da guerra e da persecución política para recibir asilo en Europa.

Neste documento, condénase a política da Unión Europea e dos gobernos comunitarios que, en troques de asumir as súas responsabilidades internacionais cos dereitos humanos e a xustiza global, *"responden con máis barreiras, represión e manipulación mediática, condenando aos e ás inmigrantes a sufrimentos, vexacións e mortes,*

co único propósito de defender o seu poder e os seus beneficios."

"Como labregos e labregas de Europa, avergoñámonos dos políticos e das políticas que nos representan e comprometémonos a denunciar e mobilizarnos en contra desta barbarie. Porque as loitas e os intereses dos refuxiados e inmigrantes son as nosas loitas e os nosos intereses. Os

mesmos poderes políticos e económicos que pretenden acabar co campesiñado, o medio ambiente, a soberanía alimentaria e a política dos pobos en todo o planeta, son os que causaron as guerras, o empobrecemento das economías locais, o cambio climático e as violacións constantes dos dereitos humanos en todo o mundo".

La Vía ▶ A asemblea internacional terá lugar en Euskadi no ano 2017

A Vía Campesina prepara a súa VII Conferencia cunha sesión intermedia en Turquía

Do 21 ao 25 de Febreiro, A Vía Campesina celebrou a súa conferencia intermedia, que incluíu unha asemblea mulleres e outra de mocidade, preto da comarca de Seferihizar, en Izmir (Turquía). Esta conferencia intermedia serviu como espazo de avaliación para dar seguimento ás accións e compromisos asumidos na Conferencia Internacional da Vía Campesina celebrada en Iacarta (Indonesia) en 2013. A esta conferencia intermedia de Izmir acudiron máis de 100 delegados e delegadas de diversas organizacións labregas de todo o mundo que gozaron da acollida da Confederación de Sindicatos Labregos de Turquía (Çiftçi Sendikalar Konfederasyonu).

Con esta conferencia intermedia, a Vía Campesina quenta os motores para a súa VII Conferencia Internacional, que se celebrará en Euskadi en 2017. A Conferencia Internacional da Vía Campesina, do mesmo xeito que os congresos do Sindicato Labrego Galego, realízanse cada catro anos e son o órgano máximo de toma de decisións colectivas, de debates e de construción dunha axenda común para os colectivos que formamos este movemento labrego global con presenza en catro continentes.

✓ Asemblea anual da ECVC

A maiores, a Coordinadora Europea da Vía Campesina celebrou a súa asemblea anual entre o 14 e o 15 de marzo na localidade francesa de Bagnolet. A este encontro de traballo acudiron, por parte do SLG, a súa secretaria xeral, Isabel Vilalba, e a técnica Conchi Mogo.



RECURSOS FITOXENÉTICOS ▶ Rede de Sementes e COAG crean un espazo de encontro de colectivos, institucións e persoas expertas ao redor desta cuestión

Seminario internacional para defender o dereito a producir e trocar sementes

Participaron dende representantes da comunidade científica a empresas ou colectivos labregos e ecoloxistas

Expertos e expertas de diferentes nacionalidades e ámbitos déronse cita en Madrid nun seminario organizado por COAG e a Rede de Sementes para debater sobre políticas públicas de xestión dos recursos fitoxenéticos para a alimentación e a agricultura. No encontro parti-

ciparon representantes dos ministerios de Agricultura e Industria, do Consello Superior de Investigacións Científicas, de microempresas de sementes de variedades locais, de ONGs, de asociacións ligadas ao movemento de Soberanía Alimentaria, de organizacións ecoloxistas e de redes de sementes de todo o Estado, así como expertos e expertas de prestixio internacional e representantes da Coordinadora Europea da Vía Campesina.

✓ Tamén universidades e medios de comunicación

O Seminario cubriu plenamente as súas expectativas de informar a persoas clave sobre a situación das políticas públicas con respecto ao tema obxecto de debate; de crear un espazo de encontro entre expertos e expertas de medios de comunicación, universidades, organizacións sociais, partidos políticos e cargos públicos; e propiciar avances normativos e políticos no Estado Español.

Fronte ampla contra o regulamento presentado polo Ministerio de Agricultura

Diante dos e das máis de 70 participantes, as entidades organizadoras aproveitaron para subliñar o seu rexeitamento proxecto de Real Decreto para o regulamento do Programa de Conservación e Utilización Sostible dos Recursos Fitoxenéticos para a Agricultura e a Alimentación presentado polo Ministerio de Agricultura en xullo. Ademais, dende a Rede de Sementes, COAG e o Sindicato Labrego Galego, esiximos ao Ministerio:

✓ O respecto do dereito dos labregos e das labregas a utilizar, intercambiar e vender as súas propias sementes. Os labregos e as labregas que fan venda directa de sementes como complemento da súa actividade deben estar exentos e exentas das mesmas esixencias que o resto de operadores e industrias do sector.

✓ As microempresas artesanais que producen e comercializan sementes de variedades locais necesitan regras adaptadas á súa actividade, completamente diferente da que realizan as grandes empresas de sementes de producións deslocalizadas e distribución quilométrica.

✓ Son necesarias regras adaptadas para o rexistro das variedades destinadas a agricultura ecolóxica e para a agricultura a pequena escala.

✓ Os labregos e labregas, e os consumidores e consumidoras, deben ter a posibilidade de elixir os alimentos que consomen e as plantas que cultivan. Pedimos transparencia nos métodos de selección utilizados para xerar as variedades e a propiedade intelectual que xestiona o seu uso. Esta información debe constar na etiquetaxe.

LEITE ▶ Continua sen facer nada diante do aumento descontrolado da produción, que en Irlanda chegou ao 13%, e do afundimento xeneralizado dos prezos na eurozona

A Unión Europea segue sen medidas para enfrontar a crise do sector lácteo

Isabel Vilalba denunciou no Observatorio do Mercado do Leite o pasotismo e a actitude suicida da Comisión de Agricultura

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, e o francés Philippe Collin, participaron na última xuntanza do Observatorio Europeo do Leite (Milk Market Observatory-MMO), que tivo lugar en Bruxelas, en representación do Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC). Alí comprobaron que a Comisión Europea segue sen activar ningunha política diante da grave crise que sofre o sector lácteo comunitario.

O Sindicato Labrego Galego e a ECVC denunciaron na xuntanza do MMO a pasividade da Comisión Europea fronte a uns prezos que supoñen a ruína de moitas granxas de leite, o incremento descontrolado de excedentes e o aumento no diferencial de prezo entre unhas rexións produtoras e outras. Pese a que na xuntanza a propia Comisión sinalou como “preocupante” o nivel de stocks ou que a situación para moitas granxas era “tensa” e mesmo “dramática”, rematou rexeitando a necesidade de tomar medidas urxentes.

Como resposta á demanda de medidas para que os prezos se recuperen, o representante da Comisión Europea só foi quen de presentar os inicios do traballo do grupo de expertos “Task Force sobre mercados agrícolas”, ao que o comisario Phil Hogan lles tería encargado 2 ou 3 medidas para loitar contra a volatilidade de prezos. O Task Force comezará a reunirse en marzo e as previsións apun-



A falla de medidas da Comisión de Agricultura diante da sobreproducción láctea está a favorecer a caída en picado dos prezos e o lucro da industria en toda a UE

tan a que presentará as súas conclusións en outono. Para Isabel Vilalba, isto demostra “a irresponsabilidade absoluta e o pasotismo da Comisión diante dos graves problemas que está a vivir o sector lácteo. Non é de recibir seguir fiando as solucións do sector lácteo a un grupo de

expertos, maioritariamente integrado por coñecidos partidarios das políticas de desregulación do mercado e da produción, co obxectivo de ter baixos prezos para competir nos mercados internacionais. É dicir, os expertos que van buscar solucións para o sector lácteo acreditan nas mesmas

medidas que están a levar miles de granxas europeas á quebra”.

O SLG alertou tamén da política suicida de incrementar os volumes e tamén os custos de produción, baseándose na importación masiva de cereais e aumentando a vulnerabilidade das granxas respecto a moitos parámetros que fan que as exportacións de leite estean estancadas ou á baixa: embargo ruso, acordos de comercio internacionais como o de China e Nova Zelandia, caída da capacidade de compra dos países exportadores de petróleo polos baixos prezos do cru. A todo isto, habería que engadir máis factores de incremento nos custos de produción, como a especulación no mercado internacional de materias primas, os custos da enerxía ou mesmo a cotización das divisas, ou o cumprimento dos compromisos da Directiva de Fosfatos que se está a pór en marcha nos distintos países europeos.

As previsións da Comisión fallan e prevese unha forte competencia nas exportacións


Segundo a Comisión Europea, van producirse diversos escenarios para as granxas de leite:

- ✓ As persoas produtoras intentarán aforrar en concentrados. As que estean nunha situación económica máis delicada, sacrificarán ou venderán vacas exportándoas, incrementar as vendas directas en zonas moi poboadas, etc.
- ✓ Producir máis para incrementar a liquidez. No sistema de cotas isto non era posible, pero agora pode ser unha opción. Os bancos animan ás persoas produtoras a incrementar máis; por exemplo, os daneses, que son os máis endebedados da Unión Europea.
- ✓ Abandono da produción. Se caen moito os prezos ábrese un escenario de posibles quebras.
- ✓ Posibilidade de producir leite bio, que ten mellores prezos. Pero esta non é unha opción ao alcance de todas as granxas.

Prevese un novo incremento da produción no 2016 na UE, sobre todo nos primeiros meses, que se sumaría aos que xa se fixeron no 2014 e 2015; tamén está previstos o incremento de stocks e unha evolución negativa nas exportacións, polo que se cuestiona mesmo que sexan suficientes as capacidades para secar o leite.

En resume, hai máis incertezas que puntos positivos. Agárdase unha unha forte competencia nos mercados internacionais, xa que os efectos climáticos adversos dos temporais en Nova Zelandia estanse mitigando; aínda que se sacrificaron vacas en 2015, a produción non caeu como esperaba a Comisión Europea, só un 1,4%. Aínda que se reconduciron, en parte, os volumes das exportacións que ían para Rusia e para China, foi a prezos aínda máis baixos, polo que as previsións de prezos no 2016 non son boas.

SEGUE ▶



Un informe de COAG demuestra que a produción de leite no Estado estase deslocalizando cara ao Mediterráneo


España perde cada mes 65 granxas lácteas. A caída dun 20% no prezo do leite obrigou a pechar a 1.544 produtores e produtoras nos últimos dous anos e reduciu a cifra total a 16.490. O panorama que debuxa o informe “Da aterraxe suave ao aterra como poidas. Informe de situación do sector lácteo en España e Europa trala eliminación das cotas de produción”, elaborado por COAG, é de extrema gravidade.

Un dos datos máis reveladores é o referente á cantidade de leite entregado no conxunto do Estado, que evolucionou á alza. Tomando como referencia o leite que se estaba a entregar hai dous anos, o incremento foi do 7% en toda España, pasándose dun total de 506.600 toneladas de entregadas en novembro de 2013 a 542.000 toneladas en novembro de 2015.

Porén, se observamos a evolución por comunidades, as diferenzas entre territorios son reveladoras. Tal e como amosan

os datos, todas as comunidades autónomas aumentaron a súa produción nestes últimos dous anos. Sen embargo, non todas o fixeron na mesma proporción: zonas tradicionalmente produtoras de leite (como Galiza, Cantabria, País Vasco e, en menor medida, Asturias, Castela e León ou Cataluña) aumentaron as súas entregas en menos dun 5% desde novembro de 2013, mentres que territorios como Navarra, Andalucía, Castela a Mancha ou a Comunidade Valenciana fixérono en máis dun 11%.

A nivel europeo, a situación non é moito mellor. Nos últimos meses, a evolución na cantidade de leite entregada no conxunto da Unión foi claramente á alza. Tomando como referencia o leite que se entregaba hai dous anos, o incremento que produciu foi do 7’3% na UE-28, pasándose dun total de 11.074.050 toneladas de leite entregadas no mes de novembro de 2013 a 11.886.800 toneladas no mes de novembro de 2015.




Aínda que a produción de leite aumentou no Estado unha media do 6%, rexións como Andalucía, Castela A Mancha ou Comunidade Valenciana incrementaron máis do 11%. Na UE, Irlanda está á cabeza da sobreprodución, cun 29% máis

A industria galega lidera a importación de leite de fóra ao tempo que conta a nosa capacidade produtiva

Un novo informe publicado pola COAG, o 1 de abril e con motivo do inicio da nova campaña no sector lácteo 2016-17, aumentaba a indignación dos gandeiros e gandeiras de Galiza. Máis alá dos datos que todos e todas coñecemos, como o forte incremento da produción e o afundimento dos prezos que trouxo canda si a fin do sistema de cotas, COAG revelaba que as industrias lácteas das principais provincias produtoras no Estado eran as que máis leite e nata importaban de fóra. E, neste ránking, as empresas líderes en mercar leite e manteiga foráneas son A Coruña e Lugo.

En concreto, n’A Coruña entraron 108.665 toneladas de leite e manteiga non galegas en 2015, mentres que en Lugo foron 58.239 tn. Estas importacións achéganse á cantidade de leite mensual que producen as nosas granxas, que en xaneiro de 2016 foi de 221.510 toneladas, e en febreiro de 211.578 tn. Por este motivo, a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo (PDSL) decidía orientar as súas novas accións de denuncia no comezo da campaña cara a este novo problema.

Para a PDSL é inadmisíble que as industrias afincadas na Galiza estean a importar leite e nata de maneira masiva cando lles están



a impoñer ás nosas granxas fortes restricións á hora de producir, cando hai empresas que deixan de recoller de maneira ar-

bitraria, e cando utilizan a sobreprodución como escusa para afundir os prezos en orixe até niveis de absoluta miseria.

► VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

As decisións tomadas no Consello de Agricultura poden xerar unha guerra comercial

As primeiras medidas serias para enfrontar a crise do sector lácteo foron anunciadas no Consello Ministerial de Agricultura do 15 de marzo e cualificadas como “unha tomada de pelo” pola Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC). Vexamos unha a unha:

► **Redución da produción voluntaria e temporal por estados:** A Comisión Europea propón unha redución voluntaria e temporal da produción por estados, o que significa devolverlle o problema ao sector, fomentando unha guerra interna entre países pola ocupación do mercado. Isto xa está sucedendo, pois ao tempo que hai explotacións, e incluso países, que están contendo a produción; outras granxas e países aproveitan para incrementar a súa. O resultado previsible desta medida será unha guerra comercial entre países na que non se dará contido o aumento da produción. Desta maneira, os prezos seguirán afundidos.

► **Aumento do volume de intervención do leite en po desnatado e da manteiga:** Outra das propostas da Comisión Europea foi duplicar o volume de intervención do leite en po desnatado -pasando de 109.000 a 218.000 toneladas- e da manteiga -de 50.000 a 100.000 tn-, o cal tampouco serve de nada. O único que conseguirá a Comisión Europea con esta medida é retirar momentaneamente leite do mercado, pero a prezos máis baixos dos que agora temos, e coa condición que o produto almacenado terá que volver a poñerse en circulación. O único que se conseguirá con isto será adiar paliar en parte o problema, para agravalo ao cabo duns meses.

► **Axudas compensatorias a gandeiros e gandeiras:** Aumentar as axudas dos estados, até 15.000 euros por explotación e sen teito máximo por pa-



O Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da UE está a ser igual de inútil que a Comisión para solucionar a crise

íses. Aínda que poida ser apetecible cobrar axudas neste contexto de crise, esta medida nin sequera toca o problema. Coas axudas, desbaldíranse contías millonarias das arcas públicas

comunitarias para compensar o roubo que están a perpetrar industrias lácteas e distribuidoras alimentarias ao pagar o leite por baixo dos custes de produción. Esta medida supón sub-

vencionar indirectamente a extorsión a que as empresas do sector someten ás granxas, que seguirán a desenvolver unha actividade ruínosa nas condicións actuais.

Só a regulación pública da produción e do mercado leiteiro garanten a saída da crise

Tanto dende a ECVC, como a COAG e o Sindicato Labrego Galego, criticamos publicamente as medidas anunciadas e defendemos a única solución posible á crise actual: o regulamento público da produción, para evitar que se produzan excedentes que afundan os prezos; e do mercado leiteiro, para atallar, dunha vez por todas, a posición de dominio e abuso que exercen as industrias e distribuidoras alimentarias na cadea de valor.

✓ A CNMC arremete contra as medidas de transparencia do Paquete Lácteo

Por desgraza, a aposta das diversas administracións van polo camiño contrario. Se en Bruxelas as medidas do Consello de Agricultura perpetuarán e mesmo agravarán a crise, no Estado Español volvemos ter un novo pau da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), que denunciou as medidas de transparencia para a cadea de valor que contén o Paquete Lácteo como “excesivas”. En concreto, a CNMC refírese ao proxecto de real decreto sobre declara-

cións obrigatorias dos fabricantes de leite líquido envasado de vaca, que regula a obriga da industria láctea de declarar mensualmente as operacións de venda que realizan ás distribuidoras comerciais. Con esta medida, as esixencias informativas alcanzarían todos os elos da cadea alimentaria no sector lácteo

Para o SLG, resulta intolerable que as prácticas de transparencia se lle esixan só ao sector produtor -do que se coñecen periodicamente prezos pagados e cantidades producidas-, ao tempo que a Comisión dos Mercados e da Competencia considera “*requisitos de información excesivos*” a maior transparencia nas transaccións realizadas entre industrias e cadeas de distribución. Sería oportuno que deixen de tratarnos de parvos e que digan claramente que son a Comisión para a Defensa dos Privilexios das Corporacións; ou sexa, os valedores de quen ten máis poder económico en prexuízo, coma sempre, dos gandeiros e gandeiras que viven ou queren vivir do seu traballo.

FIN ■

8 de marzo ▶ A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego participou na campaña desenvolvida pola Marcha Mundial con actos en Ferrol, Ourense e Vigo

8 de marzo, Día da Muller: construíndo feminismo e destruindo capitalismo

Ademais de denunciar a desigualdade laboral das labregas, lembramos a Berta Cáceres e o bloqueo de Israel a Gaza

Un ano máis, a Secretaría das Mulleres do SLG participou activamente na celebración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras. E fíxoo coas actividades organizadas pola Marcha Mundial das Mulleres baixo o lema *“Construíndo feminismo, destruindo capitalismo”*: unha concentración en Ferrol, e manifestacións en Vigo e Ourense.

Nun comunicado emitido con motivo desta data, a Secretaría das Mulleres motivou a súa participación nos actos da Marcha Mundial das Mulleres subliñando *“a dobre invisibilización que sufrimos as labregas, como mulleres e como traballadoras”*. Abondando nesta denuncia, o texto da Secretaría das Mulleres explica que *“como mulleres que vivimos no medio rural, a nosa vida é cada vez máis complexa polo forte impacto dos recortes nos servizos públicos. Vemos como, moitas*



Xuntanza da Secretaría das Mulleres coa súa responsábel, María Ferreiro (dereita da imaxe), con motivo do 8 de marzo

vezes co pretexto da racionalización de recursos, perdemos medios de transporte públicos, profesionais sanitarios, mestres e mestras, etc. e, consecuencia de todo isto, tamén vemos como no día a día hai máis aldeas que quedan despoboadas e illadas, coa xente nova fuxindo cara a outros destinos.

“Por se non abundase coa discriminación sufrida por vivir rural, como labregas denuncia-

mos as condicións discriminatórias no desenvolvemento da nosa profesión. A feminización da pobreza é especialmente aguda para nós, que a pesares de traballar como agricultoras vivimos moitas veces dependentes economicamente dos nosos cónxuxes”.

En concreto, tal e como xa se dixo con motivo do 25 de novembro, Día contra a Violencia Machista, existe unha cuádruple discriminación laboral das la-

bregas que se traduce na forte división sexual do traballo, na casa e na granxa; na precariedade económica e falla de dereitos laborais; nunha escasa ou nula cotización á Seguridade Social, coas pensións máis baixas do sistema; e na desaparición de espazos onde as labregas obtiñan boa parte, cando non toda a súa remuneración económica, como feiras e mercados locais.

Fretaremos un barco de mulleres para denunciar o bloqueo de Gaza

A maiores das reivindicacións propias das labregas galegas, dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego tiveron un recordo especial para *“as mulleres que sofren conflitos bélicos ou a represión brutal dos poderes económicos e políticos dos seus respectivos países”*, expresando esta solidariedade co apoio expreso á Coalición da Frota da Liberdade e

ao Barco de Mulleres Rumbo a Gaza, como acción directa e medida de presión política aos gobernos do mundo coa fin de rematar co bloqueo ilegal ao que Israel somete a 1,8 millóns de palestinas e palestinos; e coa lembranza da nosa compañeira Berta Cáceres, asasinada na súa propia casa o 3 de marzo por loitar contra o acaparamento de terras (ver páx. 21 deste Fouce).



MULLERES RUMBO A GAZA

Paula Gioia ▶ Integrante do Comité Coordinador da Vía Campesina

Amais de apicultora, Paula Gioia (35 anos) é unha incansable activista cuxo dinamismo levouna a ter un papel destacado nas actividades que organiza a Vía Campesina e a formar parte do seu Comité Coordinador, tanto en Europa como a nivel global. No exercicio desta responsabilidade, Paula está a traballar en temas como a articulación da mocidade.

“Ir ao campo é unha alternativa a un sistema condenado ao fracaso”

✓ Nos últimos anos, vemos como a agricultura está cada vez máis envellecida, e como cada vez máis a xente nova marcha do campo para a cidade, especialmente nos países do norte.

Trátase dunha realidade do campesiñado mundial que se agrava en Europa, onde os labregos e labregas cada vez son menos a consecuencia dun sistema que pasa por múltiples crises nas que os pequenos son aniquilados polo poder do capital.

A inexistencia de prezos xustos, a destrución da infraestrutura rural, a falla de recoñecemento e gratificación da sociedade en relación coa profesión labrega e, en definitiva, a inexistencia dunha perspectiva de vida digna no mundo rural, fan que as xeracións mozas de orixe labrega sexan as primeiras en abandonar o campo e tentar outro xeito de vida nas cidades.

Asemade, nalgunhas rexións europeas, mozos e mozas de orixe urbana están a buscar un novo modelo de vida lonxe dos grandes centros urbanos. As cidades son cada vez máis caóticas e insustentábeis. A decisión de ir ao campo é unha decisión política que vai máis alá da autosalvación. É a decisión de construír unha alternativa a un sistema cruel e en crise condenado ao fracaso, mais un sistema que, por desgraza, non se despedirá sen antes destruír boa parte dos recursos naturais e da biodiversidade do planeta e de violar o dereito á vida de moita xente.

✓ **Pensas que este proceso é reversible?**

Si, pero é preciso investir en formación, tanto de xente nova como das persoas de máis idade,



Paula Gioia participou activamente na asemblea da mocidade que a Vía Campesina celebrou no marco da Conferencia Intermedia de Izmir (Turquía) a finais de febreiro

no rural e en ambientes urbanos. Tamén cómpren alianzas con múltiples sectores da sociedade civil e desenvolver solucións locais. Cada un e cada unha de nós é un importante suxeito social cuxos actos terán consecuencias dentro dun proxecto político colectivo de mudanzas.

✓ **E que fai a Vía Campesina nesta situación tan complexa?**

A Vía Campesina está a traballar a nivel local, rexional e internacional na formación da mocidade rural e daquelas persoas que queren introducirse na agricultura para organizar resistencias e a facer viable unha mudanza do sistema que naza do pobo.

Ese traballo dáse, por unha banda, a través do compromiso das nosas organizacións a nivel local, con toda a diversidade de estratexias e prioridades establecidas por cada unha delas. Por outra banda, o noso movemento internacional está a crear unha rede de escolas de agroecoloxía e a desenvolver programas de intercambio labrego. Ambas experiencias buscan valorizar e promover os coñecementos ancestrais dos nosos devanceiros e unha visión agrícola holística e en harmonía coa Nai Natureza, incluíndo a mocidade en todos os niveis de participación e toma de decisións.

A Vía Campesina traballa dende a década dos 90 nun proxecto político moi claro de construción da soberanía alimentaria dos pobos, pois acredita que esta é a chave para combater non só a fame e a pobreza, senón tamén para protexer o planeta de catástrofes climáticas irreparábeis.

✓ **Realmente pensas que, a pesares do éxodo dos mozos e das mozas do campo para as cidades e dos ataques do neoliberalismo, é posible que a xente nova teña futuro na agricultura?**

Eu penso que, se a mocidade labrega é quen de basear a súa produción agrícola en solucións locais, terá futuro e será sementadora de esperanza para o resto da sociedade. Por poñer dous exemplos das posibles consecuencias do modelo que suxiro, as solucións locais posibilitarían que:

-Os labregos e labregas se librasen da volatilidade do mercado, tanto a relacionada coa comercialización dos seus produtos como coa importación de insumos externos; e que

-A poboación da contorna desenvolva outra relación coa alimentación, dándolle máis valor ao traballo labrego e aos alimentos locais e de tempada, reducindo a necesidade de transporte alimentario a longas distancias, así como a obriga de manter almacenados os alimentos por longos períodos.

Eu creo, polo tanto, que ese modelo local, baseado en coñecementos e prácticas ancestrais, hoxe en día é revolucionario e trae canda si perspectivas de futuro non só para a mocidade labrega, senón tamén para a vida humana no planeta.

“A xente nova debe estar nos procesos decisorios da Vía Campesina”

✓ Cal é o papel da mocidade na Vía Campesina?

A mocidade, do mesmo xeito que as mulleres, deben ser membros omnipresentes en todos os niveis do movemento. É a participación e formación da xente nova na Vía Campesina a que garantirá que as nosas loitas, a nosa resistencia e a realización do noso proxecto político común teña unha vida longa, a pesares do vasto camiño que aínda temos que andar. A xuventude da Vía Campesina, polo tanto, non é o futuro; máis ben é o presente para que haxa un futuro digno, xusto, humano e en harmonía coa Nai Natureza no noso planeta.

✓ Cal é a problemática específica da xente nova do rural?

A mocidade sofre unha serie de represións estruturais, económicas e culturais que debemos afrontar para sermos quen de xerar mudanzas.

En canto á mocidade labrega, é un dos grupos que ten máis dificultades para acceder á terra, sexa pola inexistencia de programas de crédito xustos, sexa polos baixos salarios percibidos polo traballo, ou por outros motivos estruturais en cada realidade local. Os salarios baixos inflúen na xente nova á hora de emigrar ás cidades e a outros países en busca de mellores perspectivas.

✓ Hai cuestións de debate xeracional entre a xente nova e a de máis idade na Vía Campesina?

Dentro do noso propio movemento de mocidade, moitas veces temos que resistir e impornos para facernos escoitar e respectar. Por iso, introducimos un sistema de cotas na Vía Campesina co cal, como mínimo, un 30% de xente nova debe participar en todas as actividades.

A pesares de que a Vía Campesina loita contra o patriarcado, en moitas culturas nas nosas organizacións as xerarquías están presentes. É importante lembrar que a xuventude respecta a experiencia da xente máis vella e acredita na importancia de preservar os coñecementos ancestrais. Pero é importante tamén que a xente nova estea presente no día a día e nos procesos decisorios do movemento, tanto á hora de ser formada, garantindo novos cuadros para a loita futura, como para achegar novas ideas e perspectivas nos debates.

Dende o meu punto de vista, a mocidade da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) desenvolveuse moi ben nos últimos anos con bastante apoio das persoas con máis experiencia. Actualmente, o Comité Coordinador da ECVC está constituído por dez persoas, das



cales tres son xente nova, e a súa elección fíxose de xeito orgánico, sen precisar de cotas para que a xente nova tivese representación.

✓ A última xuntanza da xente nova da Vía Campesina foi na conferencia intermedia de Izmir, en Turquía. Que deu de si o encontro?

En Izmir tivemos a Asemblea de Articulación Internacional da Mocidade da Vía Campesina. Esta nosa asemblea tentou repasar os compromisos establecidos no noso plano estratéxico aprobado na III Asemblea Internacional da Mocidade de Iacarta en 2013 de cara a identificar e estruturar mellor as áreas nas cales estamos máis febles e precisamos traballar máis de cara á VII Conferencia da Vía Campesina que se celebrará en 2017 en Euskadi.

✓ En que se concretou esa análise?

Identificamos que a mocidade estivo bastante activa en todos os continentes ao longo

dos tres últimos anos, desenvolvendo accións formativas en agroecoloxía e saúde, promovendo o acceso á terra da xente nova, ou mobilizándose coas cuestións climáticas.

Polo demais, na asemblea identificamos dúas grandes prioridades da mocidade da Vía Campesina, pois precisamos:

-Máis formación nos diferentes niveis do movemento que posibiliten unha maior transmisión horizontal de coñecementos.

-Mellorar a comunicación entre a xente nova, promovendo o intercambio e interacción entre a mocidade de distintos países.

Para atender ambas necesidades, propuxemos a realización dunha xuntanza para a articulación internacional de xente nova en setembro deste ano en Cuba, coincidindo coa reunión do Comité Coordinador Internacional da Vía Campesina, que debería servir como formación política e en agroecoloxía.

Un oasis nos arrabaldes de Berlín

Paula é unha desas activistas que predicán co exemplo e que expresa as súas ideas a través da súa propia vida e traballo. A comunidade na que traballa é unha boa mostra disto. Rexentan 50 hectáreas no que é un auténtico oasis a 45 quilómetros de Berlín. Así, nunha rexión extremadamente agro-industrializada, este colectivo aposta por alternativas como a agroecoloxía, a tracción animal con cabalos e ponis como substitutos da maquinaria movida con derivados do petróleo, ou a comercialización directa dos exceden-

tes a través de grupos de consumo e pequenos comercios.

“Trátase dunha comunidade politizada”, explica Paula, “que promove campañas de cando en vez como, por exemplo, a que fixemos contra o acaparamento de terras, contra a utilización do glifosato ou dándolle o noso apoio ás persoas refuxiadas que chegan á nosa rexión. Organizamos o traballo de xeito autoxestionado e tentamos constantemente repensar as relacións de poder, de xénero e o sistema político e económico no que vivimos,



buscando crear alternativas críticas, solidarias e locais”.

Novos horarios de atención ao público en VILALBA e MEIRA

A redución do cadro de persoal no Sindicato Labrego Galego da Terra Chá obrigou a modificar os horarios de atención ao público que, a partir de agora, pasan a ser os seguintes:

MEIRA: Abrirá os martes e os xoves en horario de 10:30 a 14:00 horas.

VILALBA: Abrirá de luns a xoves en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Fóra deses horarios, os locais de Meira e Vilalba estarán pechados. Para ser atendido ou atendida fóra da franxa horaria establecida, será necesario solicitar cita previa ou chamar aos seguintes números de teléfono:

☎ 679 192 000 (Andrés)

☎ 659 985 308 (Marga).

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaránse do seguinte xeito:

- ✓ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✓ Historia laboral.
- ✓ Exploración física específica.
- ✓ Estudos complementarios:
- ✓ Control-visión.
- ✓ Tonometría.
- ✓ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✓ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✓ Impedanciometría.

✓ Electrocardiograma.

✓ Análise clínica: Bioquímica, hematoloxía e fórmula leucocitaria, velocidade de sedimentación, reacción antibrucela, PSA, análise de ouriños.

✓ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.

✓ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.

✓ Recomendacións.

Para máis información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificará a documentación que debes achegar.

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Axudas para a contratación de seguros agrarios

Poderán ser beneficiarias as persoas aseguradas titulares de explotacións agrarias na Galiza sempre que subscriban pólizas de seguros de liñas agrícolas do Plan 2016 e liñas gandeiras dos plans 2015 e 2016, formalizadas no 2016.

A subscrición do seguro realízase exclusivamente a través das en-

tidades aseguradoras autorizadas polo Ministerio de Economía e incluídas na Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados, S.A. (Agroseguro), ou a través dos axentes de seguros autorizados.

A convocatoria ficará aberta todo o ano.

Amplían até o 15 de maio o prazo para solicitar a PAC

O Ministerio de Agricultura ampliou até o 15 de maio o prazo para poder solicitar as axudas da PAC. Como ben sabes, podes tramitala directamente a través de Internet ou a través dunha entidade colaboradora do Sindicato Labrego Galego. Para iso, precisarás o código de identificación e o NIF ou CIF.

Se a túa explotación na campaña 2016 supera as 200 hectáreas, na solicitude única terás que facer a declaración gráfica das parcelas. Se na solicitude de 2015 superabas esas 200 has., hai unha predeclaración gráfica en base á campaña anterior.

As axudas directas son: Pago básico, pago verde, pago para mozos e mozas e as axudas asociadas (Gandeiras: Vacas nutrices, vacún de cebo, vacún de leite, ovino, cabrún, e dereitos especiais de 2014 sen superficie admisible / Agrícolas: Cultivos proteicos como xirasol, alfalfa, etc. e legumes de calidade).

A maiores estarían as axudas para o desenvolvemento rural: zonas con limitacións naturais, agroambientais e clima (apicultura, razas autóctonas, xestión sostible de pastos, extensificación de vacún de leite) e agricultura ecolóxica.

DECLARACIÓN DE SUPERFICIES

Deberanse declarar todas as parcelas agrícolas da explotación indicando en cada unha o cultivo ou aproveitamento ou, o labor anual de mantemento realizado para que a superficie estea en estado axeitado para o cultivo ou o pasto durante todo o ano.

O cultivo declarado en cada parcela deberá ser o que ocupe a parcela a maior parte do período comprendido entre maio e xullo.

Ademais, no caso das terras de cultivo, se procede, poderanse declarar cultivos secundarios por exemplo, cultivos fixadores de nitróxeno a efectos do seu cómputo como Superficies de Interese Ecolóxico (Pago Verde). En calquera caso, como se indica no parágrafo anterior, a superficie ten que estar en estado axeitado durante todo o ano.

Tamén se debe comprobar que os usos (incluído o CAP) e delimitacións que figuran no SIXPAC corresponden cos usos e aproveitamentos que se realizan na explotación, presentan do en caso contrario a solicitude de modificación que corresponda.

Non será necesario indicar na solicitude o NIF do arrendador ou cedente aparceiro.

CONDICIONALIDADE

Obrigatoria para os beneficiarios dos pagos directos, dalgunhas axudas de desenvolvemento rural e de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

Lémbrese a obriga de notificar en prazo as altas e baixas de animais á base de datos de identificación e rexistro.

Nas oficinas do Sindicato Labrego Galego podemos asesorarte e axudarche a tramitar estas axudas. Lembra vir pola oficina do SLG da túa comarca coa suficiente antelación para poder realizar todos os trámites en tempo.

Apoios ao financiamento das explotacións leiteiras

Axudas para bonificar os xuros de préstamos a longo prazo pedidos por explotacións leiteiras para cancelar, total ou parcialmente, outras débedas a curto e medio prazo; ou para fi-

nanciar o activo corrente (nóminas, cotas da Seguridade Social, alugueiros, reparacións, pagamento a provedores, etc.). O prazo ramata o 31 de outubro de 2016

**TELÉFONO DE EMERXENCIA
PARA CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES**



016

Chamada gratuíta e secreta
(non se rexistra no recibo)

*Non permitas que
te maltraten!*





UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O PSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Secretaría Xeral de Igualdade



COLABORA:
Secretaría das mulleres

PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Autocargador rotativo.
☎679 811 367

Véndese
-Arado de vertedeira marca Gómez.
-3 vertedeiras con volteo hidráulico de 16” con tapa de rastrollos.
☎650 019 275 (Xosé Antonio)

Véndese

-Cisterna hidráulica de 4.000 litros, en Olas (Mesía).
☎981 694 242

Véndense

-Viño branco do Rosal.
-Augardente branca.
-Augardente de herbas.
-Licor café.
-Licor de cilantro.
-Licor de limón.
☎678 085 696

Véndese

-Sala de muxido trifásica Gascoigne-Melotte de 6 puntos e 6 pulsadores electrónicos con lavado automático. Por xubilación.
☎981 695 542 / 648118865

Véndese

-Granxa de tenreiros con finca pechada e dereitos de pagamento básico. En Couso de Limia (Sandiás). Por xubilación.
☎600 883 215

Véndense

-Xovencas próximas ao parto.
-Vacas de leite.
En Monfero.
☎650 418 563

Alúgase

-Arado Ripper para facer regos de plantacións.
☎659 993 345 (Xoán)

Véndense

-Xato de raza Rubia Galega.
-Citroën C4.
-Quad.
Zona do Corgo (Lugo).
☎689 752 400 / 690 295 681

Véndense

-Boi Limousin de 3 anos. En Lugo.
☎649 147 614

Véndense

-Beceros Limousin.
☎685 884 257

Véndese

-Touro raza Blonde de 7 anos. Moi manso.
Preguntar por Xabier.
☎600 830 624

Véndense

-Esparexedor de esterco novo, a estrear.
Na zona de Becerreá.
☎982 151 767 / 678 178 826

Véndense

-Tractores Deutz 150, Same 110, Renault 110/54
-Emboladora.
-Plastificadora.
-Estendedor seminovo.
-Audi 80.
☎606 616 139 (Deza)

Véndese

-Remolque para transporte do gando de 1'9 m. de longo e 1'20 m. de ancho.
☎628 579 310

Véndense

-Xovencas preñadas ou paridas con carta xenealóxica e as garantías sanitarias da ADS de Mesía.
-Herba para ensilar ou secar de raigrás italiano.
☎659 927 961

Véndense

-Viño do país e Barrantes.
-Augardente.
☎986 689 486

Véndese

-Xovenca preñada de raza Rubia Galega de 20 meses.
☎660 136 414

Véndense

-Desensiladora BVL de dobre coitela.
-Grada de discos de 16 discos 24 pulgadas. Ambas en perfecto estado.
Zona de Friol.
☎630 561 310

Véndese

-Coitela-nivelador de 4 posicións e cazo de 1'50 para pincho hidráulico.
☎649 147 614

Véndese

-Moto Aprilia RS de 50 cc
☎649 816 773

Véndese

-Centeo, en fariña e en gran. Envíos a toda Galiza.
☎686 783 800

Véndense

-Rulos de silo de herba en Cardama (Oroso).
☎981 695 810

Véndense

-Porcos cebados e criados en liberdade.
-Noces ecolóxicas.
-Viño de colleita propia da Ribeira Sacra.
Zona de Chantada.
☎657 805 731

Véndense

-Xovencas próximas ao parto, con carta e controis da ADS. Na zona de Chantada.
☎699 638 399

Véndense

-Porco cebado e ranchos.
-Herba seca en rulos.
En Beán (Ordes).
☎981 699 267

Véndense

-Segadora BCS con documentación.
-Autocargador con documentación.
-Esparexedor de herba PZ.
-Tractor Ebro 470 con dirección e dobre embrague.
-Rodas de tractor 16/ 9 / 30.
-Tractor con dobre tracción, 80 CV.
☎667 469 962

Véndense

-Vacas de carne por peche de explotación. De raza Rubia Galega marcadas por Acruga e algunha cruzada. Na zona de Meira (Lugo).
☎679 273 060

Véndense

-Vacas de carne en Vizoño (Abegondo).
☎636 875 570 (Ricardo)

Véndese

-Cisterna de 3.000 litros, apertura hidráulica, depresor novo. Na zona de Castro de Ribeiros de Lea (Lugo).
☎982 310 270 / 680 483 987

Véndese

-Herba seca de boa calidade en Castro de rei.
☎659 643 489

Véndense

-Xatas frisoas próximas ao parto. En Portomarín (Lugo).
☎660968743 / 697422304

Véndense

-Rotoempacadora CCGSS 340.
-Fresadora Agri de 2'30 m. Semiforestal.
-Sulfatadora Aguirre de 400 litros con barra de 10 m.
☎981 418 423 / 686 666 032 (Antonio)

Véndese

-Mastín de 2 meses.
☎670 895 789

Véndense

-Rolos de silo. Zona de Lugo.
☎649 14 76 14

Véndense

-Limpadora.
-Muíño de tractor.
-Land Rover Freelander.
☎648 718 864

Véndense

-Tanque de leite de 450 litros.
-Arado de 2 regos para patacas.
☎659 993 345

Véndense

-2 rotativas Deutz Fahr de 1'90. En moi bo estado.
-Tractor John Deere 6.400.
-Tractor Same 130 con pa. Na zona de Lugo.
☎982 160 116 / 690 774 565

Véndese

-Invernadoiro de capela. Ten 608 m², en bo estado.
☎610 040 674

Véndese

-Casa de pedra en Betanzos, con horta de 2.000 m².
☎625 814 050

Véndense

-Suzuki Vitara diesel, 3 portas, ano 2001, 130.000 km, con bola de remolque. Prezo: 6.500 €.
-Nissan Terrano 2800 TDI, ano 2000, 170.000 km, con tódolos extras. Prezo: 5.000 €.
En Lugo.
☎687 835 888

Véndense

-Añas preñadas en Silleda. Preguntar por Celso.
☎608 088 742

Véndese

-Trigo grandal, en Lugo.
☎649 147 614

Véndense

-Rolos de silo e herba seca.
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndense

-Pacas ecolóxicas de trigo e centeo con ou sen gran. Medidas: 1'00 x 0'50 x 0'50 m.
Prezo con gran: 3 €.
Prezo sen gran: 2 €.
Zona Pontecarreira e Ames.
☎686 783 800

Véndese

-Touro Limousin de 6 anos. Libre de IBR e demais enfermidades revisables.
☎639 946 557

Véndense

-Cabras e cabritos na zona de Oza dos Ríos (A Coruña).
☎670 895 789

Véndense

-Beceros.
No Covelo (Pontevedra).
☎626 442 294

Véndese

-Millo para ensilar en Paderne (A Coruña).
Preguntar por Toñito Estrada.
☎659 479 657

Véndense

-Pacas grandes de herba seca. Tamaño 80x80x240.
Na zona de Chantada.
☎670 32 01 38

Véndese

-Tanque de 2.400 l. Alfa Laval.
☎981 798 569 / 659 741 964

Véndese

-Sala de muxido PACKO de 8 puntos. En bo estado.
-Cuba de leite de 2.200 litros, marca Packo, trifásica.
-Desensiladora BVL en moi bo estado.
☎982 783 019 / 628 785 466

Véndense

-Cachorros Border Collie. Na zona de Arca (A Coruña).
☎676 678 241

Véndense

-Porcos cebados con produtos do campo.
-Augardente branca, tostada e de herbas.
Preguntar por Xosé Miranda.
☎986 586 916 e 679 677 373

Véndese

-Poldra de 3 anos cos papeis en regra. Con montura incluída.
☎649 816 773

Véndense

-Rolos de herba seca de boa calidade. En Cospeito (Lugo).
☎982 505 755

Véndense

-Tractor Ford 4066.
-Tractor Carraro de 70 CV.
-Fresadora de 2 metros.
-Desbrozadora de 1'5 metros. En Viana do Bolo (Ourense).
☎609 311 416

Véndese

-Canón de rega de 250 metros de longo e 90 de diámetro.
-Canón calefactor de patacas.
-Máquina colleitadora de pataca marca Kverneland.
Na Limia (Ourense).
☎662 302 151

EMPREGO

Ofrécese

-Persoa con experiencia para traballar en explotacións na zona do Deza.
☎615 584 927 (Viqui)

Ofrécese

-Traballador como peón agrícola para traballar na comarca de Ordes. Ten todos os carnés de conducir, de aplicador de produtos fitosanitarios e de benestar animal.
☎981 692 799

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

A Belén e a Iñaki hai tempo que lles viña roldando pola cabeza iniciar un proxecto relacionado coa produción de alimentos para non verse forzados a emigrar da parroquia de Cortegada (Sarreaus). E ao final deron o paso: rehabilitaron unha nave das cortes para o gando que traballara en tempos a familia de Belén para instalar unha destilaría artesanal. Alí elaboran licores e augardentes ecolóxicos que etiquetan cun nome tan engaiolante como o elenco de sabores que destilan: Alicornio.

“Somos unha pequena destilaría pero esíxesenos como unha gran empresa”

✓ Por que unha destilaría?

Antes de comezar, avaliamos distintos proxectos. Sabiamos que queriamos producir en ecolóxico e transformar para darlle un valor engadido ao produto. Ao final, decantámonos por poñer en marcha unha destilaría. Unha das razóns de optar pola elaboración de licores é que non nos fan tan dependentes da climatoloxía, que na comarca da Limia é bastante complexa. Así, a medida que apañamos, podemos meter os froitos en augardente e xa se conservan, polo que non nos importa recoller uns quilos un día, e volver apañar máis ao seguinte.

✓ Falas de producir, ademais transformar. Que cultivades?

Este ano foi o primeiro que comezamos a producir a nosa froita, tras completar o período de conversión do Craega: framboesas, amoras, arandos, amorodos, etc. Fundamentalmente, froitas do bosque, pero tamén herbas aromáticas e medicinais.

✓ Vés dunha familia de tradición gandeira. Non foi difícil aprender o oficio dende cero?

O certo é que tivemos que facer un intenso proceso de aprendizaxe: traballamos con poteiros, fixemos cursos de destilados e licores, aprendemos lexislación. Así e todo, seguimos a formarnos e aínda nos queda moito por aprender.

✓ Como están a ser os primeiros pasos de Alicornio?

Comezamos a comercializar o 16 de maio de 2014, día no que sacamos as dúas primeiras caixas de augardentes e licores. Levamos un ano producindo e uns seis meses comercializando. Temos que dicir que os nosos licores e augardentes están

a ter moi boa aceptación. A estas alturas do ano, xa conseguimos vender a metade da produción, que agora mesmo anda preto das 5.000 botellas.

✓ Que problemas que tivestes que superar para botar a andar?

O maior atranco para nós foi que, sendo unha pequena destilaría artesanal, se nos pediron as mesmas esixencias que a unha grande empresa. A nosa destilaría ten só catro potes de 350 litros nunha nave de 180 m², polo que nos parece inxusto que nos esixan os mesmos requisitos que lle piden ás grandes empresas do sector. É como se che obrigasen a medrar, aínda que non queiras, para dar cuberto todos os gastos que implican eses requisitos.

✓ Cantas botellas aspirades a producir?

Aí diferimos Iñaki e máis eu. Eu son partidaria dun límite máis baixo, pero a miña parella quere máis. Traballamos cunhas previsións de chegar a producir de 20.000 a 30.000 botellas nun prazo duns cinco anos. Temos que introducirnos pouco a pouco no mercado e ter en conta que, para producir a ese nivel, teríamos que ser unhas catro persoas traballando na destilaría e nas leiras. Para nós o máis importante non é a cantidade. Non pretendemos chegar a ser unha grande

empresa. Se podemos manternos con 20.000 botellas, non vamos producir 30.000; preferimos ter un produto bo, diferente e de calidade, que é como podemos competir, e iso ten un límite. Se podemos manter a calidade cunha produción de 30.000 botellas, entón farémolo; en caso contrario, non.

✓ Que tipos de licores facedes?

De framboesa, café, herbas, laranxa con herba luísa e arandos con xenxibre. A maiores, temos en convencional o Alicornio de limón, que é un augardente aromatizado con limón que non chega a 37'5°, especial para facer gin tonics galegos. En maceración e con parte aínda por destilar, temos tamén un licor de castaña e outro de flores de sabugueiro, pero metéusenos polo medio a campaña de Nadal e non puidemos rematar o ciclo, polo que quedarán para xaneiro ou febreiro.

✓ E é doado introducir unha gama tan ampla de sabores no mercado?

Unha vez que os proban, á xente gústanlles, aprecian a variedade e a diferenza que teñen respecto doutros, a calidade do destilado. O que non temos aínda é un licor que destaque sobre outros a nivel de aceptación. Vai por temporadas, pero todos van tendo saída.

✓ Tedes algún outro proxecto en mente?

Polo de agora, chéganos cos licores. Gustaríanos elaborar algún tipo de bebida alcólica de baixa gradación colaborando con produtores de cervexa. Tamén queremos ampliar a produción de froitos plantando abelairas e ampliando os cultivos de arandos e framboesa. Aproveitando a produción que temos de herbas medicinais, mesmo pensamos en deshidratar para facer infusións pero, de facerse, será no futuro.

